

Encol das vías de incidencia das Rexións na Política Rexional da Comunidade Europea (con atención particular ás Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira)

Pelo Prof. Doutor António Martínez Puñal

I. ORIXE E EVOLUCIÓN DA POLÍTICA REXIONAL COMUNITARIA: INTRODUCCIÓN

A expresión «Política Rexional», ao menos no ámbito internacional, e especialmente no europeo, non ten un significado preciso e específico. Hai que advertir neste terreo unha evolución que vai dende un concepto inicial predominantemente territorial que entende á rexión simplemente como un área, un territorio sobor do que se produce unha determinada acción pública, até outro concepto que se vai perfilando pouco a pouco, que ten un carácter preferentemente institucional, no que a énfase é posta na dimensión da rexión como entidade política dotada de poderes propios nun marco de descentralización de funcións do centro á periferia. Non é estrano que elo sexa así, habida conta do proceso de reordenación e de reparto dos poderes efectuado nas estruturas públicas de un bo número de países sen tradición ao respecto, fenómeno que tivo a súa influencia nas organizacións europeas, particularmente no Consello da Europa, onde se manifesta unha maior presenza e actividade das institucións rexionais e locais, do que é un bo exemplo a Conferencia dos Poderes Locais e Rexionais da Europa. Por todo elo, as políticas rexionais dos Estados sufriron unha transformación dende a súa configuración como accións centrais de impacto rexional, tendéndose ao seu encadramento no seo da descentralización rexional, habida conta de que ésta é en sí mesma unha política rexional, na que dun ou doutro xeito se rexionalizan actuacións, decisións e recursos. Como era propio, o deseño e a concepción da Política Rexional das institucións europeas non podían amosarse alleos a esa transformación, de tal sorte que, hoxe en día, unha das cuestións de maior interese

da devandita política resulta ser a da participación activa e directa na mesma das comunidades rexionais e locais (1).

Á vista das anteriores matizacións, podemos, nembargantes, seguindo a PAREJO ALFONSO, como un punto de referencia válido, aceptar a definición da política rexional como «aquéla que para ser tal non lle basta con ter un (incluso importante) impacto territorial acotado (léase rexional), séndolle preciso ter directamente por obxecto propio a resolución dos problemas estruturais dun área determinada ou, con carácter xeral, a superación progresiva das diferencias de desenvolvemento existentes entre uns e outros territorios (rexións)» (2).

Nos Estados da Europa occidental, atopámonos, cando menos dende os anos seguintes á primeira guerra mundial, coa existencia dunha política rexional no senso primeiramente sinalado, si ben ditas políticas soio escómenzan a ter peso na década dos sesenta. A orixe destas políticas estriba na presenza no seo dos Estados, máis aló do seu degrau de desenvolvemento, de diferencias significativas entre unhas e outras rexións. Consecuencia resultante é que a Comunidade Económica Europea, constituída polo Tratado de Roma de 25 de Marzal de 1957, ven a ser unha comunidade de Estados con importantes e diferentes problemas rexionais, que lonxe de subasarse, se mantiveron cando non viñeron a aumentar, co lóxico corolario da existencia de importantes diferenzas no que respeita á calidade e ao nivel de vida.

Ainda que xa en 1957 había, como vimos advertindo, graves desequilibrios intraestatais e intracomunitarios, a Comunidade Económica Europea foi pensada sen unha vocación expresa tendente á súa solución. Según Van GINDERACHTER, as razóns delo serían as seguintes:

- a) No intre da creación da Comunidade Económica Europea, as políticas rexionais dos distintos Estados signatarios atopábanse aínda insuficientemente desenvolvidas, circunstancia, que non propiciaba a incorporación da problemática rexional ao acervo dos cometidos e tarefas comunitarios;

(1) Cfr. PAREJO ALFONSO, L.: «La política regional europea en la Comunidad Económica Europea», *Tratado de Derecho Comunitario (Estudio sistemático desde el Derecho español)*, Tomo III, Madrid, 1986, pp. 573-574.

(2) *Ibid.*, p. 574 Os textos recollidos entre virguliñas son traducción do autor ao galego, lingua na que por agarimosa suxerencia dos organizadores da Semana, pronunciou a súa intervención.

- b) Naquela época había a creencia de que a apertura de mercados novos derivados da Comunidade e a integración progresiva das economías dos Estados membros introducirían por sí soias un crecemento económico tan forte que sería capaz de reducir os desequilibrios territoriais existentes ou que poideran aparecer;
- c) Da creencia anterior resultaba asimesmo a convicción de que aínda no caso de que o crecemento económico non producira o efecto reequilibrador indicado, o devandito crecemento poría en calisquer caso nas maus do Estado os recursos financeiros suficientes para facerlle frente ao problema (3).

A Política Rexional non se atopaba, pois, regulada no Tratado Constitutivo da Comunidade Económica Europea, aínda que o desexo de acabar cos desequilibrios rexionais era recollido em alusións máis ou menos directas. Así entre elas, o art. 2 do Tratado da Comunidade Económica Europea, cando recolle entre os seus obxectivos «o promover un desenvolvemento armonioso das actividades económicas no conxunto da Comunidade», posibilitaba a interpretación de que a Política Rexional estaba implícita nos obxectivos da Comunidade. Asimesmo, no párrafo quinto do Preámbulo, os Estados signatarios amósanse preocupados por reforzar a unidade das súas economías e asegurar o desenvolvemento económico reducindo as diferenzas entre as diversas rexións e o atraso das menos favorecidas. A situación mudou hoxe en día a teor do art. 130 A. 2 do Acto Uneco Europeo: «A comunidade proporáse, en particular, reducir as diferenzas entre as diversas rexións e o retraso das rexións menos favorecidas» (4).

(3) Van GINDERACHTER, J.: «La política regional de la Comunidad Económica Europea», *Revista de Estudios Regionales*, n.º 4, Xullo-Agosto 1979, p. 161

(4) Sobre a Política Rexional no Acto Uneco: DE RUYT, J.: *L'Acte Unique Européen. Commentaire*, Bruxelles, 1987, pp. 194-195.

O art. 58 (Política rexional) do Proxeito de Tratado da Unión Europea sería aínda máis elocuente e preciso:

«A política rexional do Unión dirixirase a reducir as disparidades rexionais e en particular o retraso das rexións menos favorecidas, dando un novo impulso á actividade en ditas rexións con vistas a garantir o seu desenvolvemento posterior contribuíndo a crear as condicións que poidan poñer termo á concentración excesiva dos fluxos migratorios cara os centros particulares de produción. A política rexional da Unión, por outra parte, fomentará a colaboración rexional transfronteiriza.

Aínda completando a política rexional dos Estados membros, a política rexional da Unión perseguirá metas propias da Unión.

Con todo, as devanditas alusións, evidencian, como xa se dixo, que no momento fundacional non houbo propósito de artellar unha Política Rexional paralela ás expresamente previstas para as áreas agrícola, social e de transportes, senón que aquela quedou nas maus dos Estados membros.

Habería, pois, que esperar a que coa primeira ampliación da Comunidade (1 de Xaneiro de 1973: Reino Unido, Irlanda e Dinamarca) se puxera de manifesto que os desequilibrios non soio non se reducían senón que, pola contra, aqueles ían en aumento⁽⁵⁾. Conscientes delo, os Xefes de Estado e de Goberno dos Estados membros acordaron no Consello Europeo de París, 1972, conceder prioridade á eliminación na Comunidade das disparidades estruturais e rexionais que poideran afectar á unión económica e monetaria. Nembargantes, soio será en 1975 cando xurda a Política Rexional Comunitaria, tras a aprobación do Regulamento do Fondo

A política rexional da Unión implicará:

- a elaboración dun marco europeo para as políticas de fomento dos recursos territoriais que as autoridades competentes levan a cabo en cada Estado membro;
- a promoción de inversións e de proxectos de infraestrutura que inserten os programas nacionais no marco dunha concepción global;
- a realización de programas integrados da Unión en favor de algunhas rexións, preparados en colaboración cos representantes das populacións interesadas, e, si é posible, a asignación dos créditos que sexan precisos directamente ás rexións afectadas».

Sobre a Política Rexional no Proxeito de Tratado da Unión Europea; JACOBS, F.: *Le Traité d'Union Européenne — Commentaire du projet adopté par le Parlement européen, le 14 février 1984* —, Bruxelles, 1985, pp. 218-220.

⁽⁵⁾ En relación cos problemas derivados do alongamento da Comunidade Europea, pode consultarse: SOBRINO HEREDIA, J.M.: *La situación regional en las Comunidades Europeas. Perspectivas para Galicia*, Santiago de Compostela, 1982, pp. 55-56; LOPES PORTO, M.C.: «A adesão à CEE: implicações para a política de desenvolvimento regional em Portugal», *Estudos em Homenagem aos profs. Manuel Paulo Merêa e Guilherme Braga da Cruz, Boletim da Faculdade de Direito de Coimbra*, 1983, pp. 4-23; *Id.*: «O alargamento da CEE e a problemática regional», *Integração Económica*, I, Santos Ferreira (ed.), Edições 70/CEDEP, 1983, pp. 351-365; *Id.* «Os países da Península Ibérica e a problemática regional no seio da CEE», *Economica*, Vol. 8, n.º 3, Outubro 1984, pp. 1-36; SÁENZ DE BURUAGA, G.: «Estructuras y estrategia de las regiones ibéricas ante las Comunidades Europeas», Encuentro Hispano-Portugués, Lisboa, 25 de Xuño de 1983, policopiado; *Id.*: «La política regional de la CEE», *Papeles de Economía Española*, 25, 1985, pp. 249-272; *Las regiones de Europa. La situación y evolución socioeconómica de las regiones de Europa*, 9, Documentos 84, Comisión de las Comunidades Europeas. Oficina de Madrid, Octubre 1984; CASANOVAS Y LA ROSA, O.: «La política regional comunitaria. Las ayudas financieras de la Comunidad y el desequilibrio regional en España», *La integración de España en las Comunidades Europeas y las competencias de las Comunidades Autónomas*, Coloquio organizado por la Asociación Española para el Estudio del Derecho Europeo, Generalitat de Catalunya, Barcelona, 1985, pp. 75-93; Van GINDE-

Europeo de Desenvolvemento Rexional (F.E.D.E.R.)⁽⁶⁾, destinado a co-rrexir os principais desequilibrios da Comunidade, derivados do predomnio agrícola, das limitacións industriais e do subemprego estrutural. Asimismo, nese tempo, créase o Comité de Política Rexional⁽⁷⁾, ao que se lle encomenda o exame dos problemas referentes ao desenvolvemento rexional, dos progresos habidos para a súa realización e das medidas precisas para a consecución dos obxectivos rexionais da Comunidade, podendo recibir para elo as opinións ao respecto dos sectores rexionais afectados e das organizacións sindicais e profesionais. A esa altura, as disparidades rexionais pasaron de ser consideradas como problemas de cada un dos Estados membros a ser tomadas en conta a nivel comunitario, si ben a Política Rexional Comunitaria é concebida como complementaria e subsidiaria das políticas rexionais de ámbito nacional.

Non é a nosa intención entrar a examinar agora os antecedentes⁽⁸⁾ e a regulación xurídica actual de 1984 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional⁽⁹⁾ como instrumento especificamente rexional nin doutros instrumentos de acción indirectamente rexional como o Fondo Social Europeo, o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, o Banco Europeo de Inversiones ou o Novo Instrumento Comunitario. Acotaremos a nosa intención ao estudo do papel das rexións no seo da Política Rexional Comunitaria, sempre co telón de fondo do Consello da Europa. Non podemos esquecer neste senso os pasos de achegamento progresivo que se veñen dando entre a Comunidade Europea e o Consello da Europa nos eidos do desenvolvemento rexional e da ordenación do territorio.

Unha análise das estruturas político-administrativas dos Estados da Europa occidental amosa unha situación moi extendida de procesos de descentralización máis ou menos desenvolvidos asegun os casos. Elo supón

RACHTER, J.: «Les problèmes régionaux de la Communauté élargie», *Revue du Marché Commun*, n.º 310, Outubro 1987, pp. 550-555; *Les régions de la Communauté élargie — Troisième rapport périodique sur la situation et l'évolution socio-économique des régions de la Communauté* —, Commission des Communautés Européennes, Bruxelles, 21 Maio 1987; RODRÍGUEZ CANCHO, M.: «La frontera luso-extremeña y las perspectivas creadas tras la adhesión ibérica a las Comunidades Europeas», *Información Comercial Española*, n.º 642, Febreiro 1987, pp. 211-222.

⁽⁶⁾ Regulamento CEE 724/75, *DOCE*, L 73, de 21-3-1975.

⁽⁷⁾ Decisión do Consello 75/185/CEE, de 18 de Marzal de 1975, *DOCE*, L 73, de 21-3-1979, *DOCE*, L 35, de 9-2-1979.

⁽⁸⁾ Regulamento CEE 214/79, *DOCE*, L 35 de 9-2-1979; Regulamento CEE 3325/80, *DOCE*, L 349, de 23-12-1980.

⁽⁹⁾ Regulamento 1787/84, *DOCE*, L 169/1, de 28-6-1984.

a asunción de determinadas competencias por unha serie de entes intermedios como as rexións e as colectividades locais, niveis éstos de administración situados máis perto do home. Este fenómeno de rexionalización intraestatal preséntase ao mesmo tempo que o fenómeno do rexionalismo interestatal, particularmente no caso da Comunidade Europea, supoñendo, ámbolos dous, técnicas distintas de cooperación que como subraiou o Parlamento Europeo non deben de ser xulgadas como antinómicas. A indubidable tensión dialéctica que incorporan estes dous fenómenos de rexionalismo intraestatal e interestatal é susceptible dunha adecuada e proveitosa síntese potenciadora da sempre precisa colaboración internacional⁽¹⁰⁾.

Sentadas estas premisas, certamente que aínda non se pode falar dunha participación directa ou verdadeiramente responsavel das rexións nos mecanismos comunitarios relacionados coa Política Rexional. De tódolos xeitos, podémonos decatarse cómo a partir de mediados da década dos 70 xurde un movemento de achegamento das rexións aos órganos comunitarios, con un apoio particularmente favorable do Parlamento Europeo, amén do recibido, como veremos, de parte de outras instancias comunitarias, movemento que se daría tamén no ámbito do Consello da Europa⁽¹¹⁾.

Parece doado precisar que a participación das rexións na Política Rexional Comunitaria pode producirse seguindo dous carreiros distintos: dunha banda, dende un plano da inmediatez, á escala comunitaria, e, de outra, con un certo senso de mediatez, ao traveso da participación no proceso

⁽¹⁰⁾ Résolution du Parlement Européen demandant un renforcement de la participation des collectivités régionales et locales au développement socio-économique de leur région, *JOCE*, C 125, de 17-5-1982; Résolution du Parlement Européen sur le rôle des régions dans la construction d'une Europe démocratique et sur les résultats de la Conférence des régions», *JOCE*, C 127, de 14-5-1984.

Asimismo, entre outros, pode consultarse: ROMUS, P.: *L'Europe et les régions*, Bruxelles, 1979; PÉREZ GONZÁLEZ, M. e PUEYO LOSA, J.A.: «Las Comunidades Autónomas ante el Orden Internacional», *Constitución, Comunidades Autónomas y Derecho Internacional*, Santiago de Compostela, 1982, pp. 15-32; PUEYO LOSA: «Las regiones insulares en el contexto europeo; cooperación e iniciativa», *Revista de Instituciones Europeas*, n.º 1, 1982, pp. 103-121; *Id.*: «Les régions insulaires européennes: Coopération et initiative», 2e. Conférence des Régions Insulaires Européennes, Ponta Delgada, 27-29 mars 1984, Commission des Problèmes Régionaux et de l'Aménagement du Territoire, Conférence Permanente de Pouvoirs Locaux et Régionaux de l'Europe, Conseil de l'Europe.

⁽¹¹⁾ SOBRINO HEREDIA, J.M.: «Participación de las autoridades regionales en las instituciones consultivas en el marco de la política regional comunitaria», Coloquio sobre La política regional comunitaria y la incorporación de España a la Comunidad Europea, Asociación Española para el Estudio del Derecho Europeo, Santiago de Compostela, 18 e 19 de Outubro de 1985, policopiado.

interno de formación da vontade estatal, aspecto este último no que as Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira, por falar dun caso que nos resulta hoxe afortunadamente moi cercano e que tivemos xa a oportunidade de estudar no seu día⁽¹²⁾, teñen unha serie de vieiros para facer ouvir a súa voz, vieiros sobre os que hoxe ampliaremos os nosos puntos de vista.

Nesta ocasión, adicaremos tamén o noso tempo á análise das posibilidades de participación das rexións en xeral a escala comunitaria, escala que, segundo sinala SOBRINO HEREDIA, resulta ser máis conflictiva que a estatal⁽¹³⁾, escala esta última, na que, á súa vez, como advirten PÉREZ GONZÁLEZ e PUEYO LOSA, «parece afianzarze, cada vez máis... o principio polo que os Governos dos Estados membros deberán garantir a participación das colectividades rexionais no proceso de adopción dos programas de desenvolvemento rexional»⁽¹⁴⁾.

O nó central da nosa intervención atenderá, pois, á esculca das vías de incidencia rexional no Comité de Política Rexional, no Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no Comité Consultivo dos Planos Mediterráneos e no Consello Consultivo das Colectividades Locais e Rexionais. Derradeiramente, atenderemos ao estudo de caso dos Azores e da Madeira.

II. AS REXIÓN E O COMITÉ DE POLÍTICA REXIONAL

O Consello, mediante a decisión 75/185/CEE, de 18 de Marzal de 1975, modificada pola decisión 79/137/CEE, de 6 de Febreiro de 1979, creou, como órgano especializado auxiliar do Consello e da Comisión, o Comité de Política Rexional.

Este Comité está integrado por dous representantes de cada un dos Estados e por dous da Comisión. Ten como misión: por unha banda, o exame dos problemas relativos ao desenvolvemento rexional, dos progresos habidos ou a alcanzar e das medidas de política rexional precisas para

⁽¹²⁾ MARTÍNEZ PUÑAL, A.: «Las Regiones Autónomas de las Azores y Madeira y la actividad exterior de Portugal», *Constitución...*, cit., pp. 185-223; *Id.*: «As Regiões Autónomas dos Açores e da Madeira e a actividade externa de Portugal», *Scientia Iuridica*, T. XXXII, n.º 181-183, Janeiro-Junho, 1983, pp. 3-36.

⁽¹³⁾ SOBRINO HEREDIA: «Participación...», cit., p. 5.

⁽¹⁴⁾ PÉREZ GONZÁLEZ E PUEYO LOSA: «Comunidade Autónoma y Política Regional Europea», *Crisis, Autonomías y Desarrollo Regional*, IX Reunión de Estudios Regionales, Asociación Española de Ciencia Regional e Asociación Galega de Ciencia Rexional, Santiago de Compostela, 1985, p. 193.

a consecución dos fins da Comunidade; por outra banda, participa na elaboración pola Comisión de informes sobor da situación e da evolución socioeconómica das rexións da Comunidade.

No que atinxe ao papel das rexións en relación coas actividades do Comité, hai que suliñar que, amén de certas prácticas de algunhas delegacións estatais nas que se da acollida ás instancias rexionais⁽¹⁵⁾, existe unha vía escasamente usada que permite unha certa presenza rexional, chegada a hora de elaborar os informes do Comité. Nefeuto, o art. 5 do Regulamento de Comité establece que: «O Comité, dacordo coas disposicións do seu regulamento interno, poderá recabar as opinións dos medios rexionais interesados e das organización sindicais e profesionais».

Pola súa parte, no Regulamento interior ao que se fai referencia no anterior artigo, no art. 5. 2, prescribese: «Cando as cuestións incluídas na orde do día se refiran a determinadas rexións, o Comité poderá recabar, oralmente ou por escrito, as opinións dos representantes institucionais ou dos medios interesados de ditas rexións, si os membros desinaados polo Estado membro afectado o consideran oportuno»⁽¹⁶⁾.

Creemos pertinente destacar, asimesmo, o punto j) do artigo 2.1 do Regulamento do Comité. Según aquél, correspóndelle ao Comité o estudo en particular da «promoción de unha millor información aos inversores públicos e privados con vistas ao desenvolvemento rexional». Na promoción desa millor información ao sector da inversión, teñen un doado campo de traballo as administracións rexionais, coñecedoras de primeira man das necesidades ao respecto.

Quixéramos tamén sinalar que asegún o art. 8 do Regulamento interior: «A Secretaría do Comité encarregarase da preparación dos traballos, así como dos contactos necesarios con outros comités ou grupos de traballo». Ábrese eiquí unha certa posibilidade para as rexións incidir indi-

⁽¹⁵⁾ ROMUS recolle algúns exemplos ao respecto, referentes aos casos alemán, británico e belga (ROMUS: *Économie Régionale Européenne*, Bruxelles, 1983, p. 267).

Esta circunstancia aparece tamén recollida na Resposta de GIOLITTI no nome da Comisión a Hanna WALZ (*JOCE*, C 100, de 13-4-1983) onde se di: «Os funcionarios das autoridades rexionais da Bélxica e da República Federal de Alemaña participan nos traballos do Comité de política rexional. Expertos do Scottish Office da Irlanda do Norte (Reino Unido) asistiron igoalmente ás reunións do Comité».

A participación en reunións do Comité — aclarando que as rexións non son representadas en canto tais — de funcionarios que dependen de administracións rexionais é reseñada na Resposta de VARFIS no nome da Comisión a Joyce QUIN (*JOCE* C 214/26, de 26-8-85)

⁽¹⁶⁾ Regulamento interior do Comité de Política Rexional (75/761/CEE), *JOCE*, L 320, de 11-12-1975.

rectamente nas tarefas do Comité ao traveso do Consello Consultivo das Colectividades Locais e rexionais, do que nos ocuparemos máis adiante.

A evolución do Comité de Política Rexional, a pesares do visto, amósanos unha actividade especialmente insatisfactoria para as rexións, por mor do dominio habido nel polos delegados dos Estados membros. É preciso rachar, pois, con esta situación abrindo paso a unha composición do Comité na que se dé ingreso, de algún xeito, aos interlocutores rexionais das rexións directamente afectadas⁽¹⁷⁾.

Neste senso, recolleremos a Proposición de Resolución do Parlamento Europeo presentada por Roelant du VIVIER sobor da participación dos representantes das rexións no Comité de Política Rexional. Nesta Proposición invítase á Comisión a propor unha modificación do Regulamento que institúe o Comité de Política Rexional da C.E.E., de tal sorte que sexa asegurada unha participación directa dos representantes das rexións da Europa⁽¹⁸⁾.

⁽¹⁷⁾ Cfr. CARBONELLI, M.: «Fondo Europeo di Sviluppo Regionale e partecipazione delle regione», *La Comunità Internazionale*, vol. XXXVI, n.º 1-2, 1981, p. 65; SOBRINO HEREDIA: «Participación...», cit., p. 9; *Id.*: *La situación regional...*, cit., pp. 89-92.

Sobre esta materia, ELIZALDE escribiría: «Un tema de grande interese para as Comunidades Autónomas españolas é a nova metodoloxía de *elaboración de programas polas autoridades territoriais afectadas*. Trátase, en efecto, da participación propiamente rexional (ou autonómica, diríamos en España) na política rexional comunitaria: en varias disposicións da normativa proposta [de revisión do Regulamento do F.E.D.E.R.] (arts. 1.3; 2.3.a, párr. cuarto; 15.1 e 2; 16.1 e 2; 23.3,b; 27.3; 28.2; 29.4; 34.2,b): todo un conxunto que casi supón a regulación sistemática desa participación que alude expresamente á necesidade de fomentar a cooperación cos orgaismos rexionais e locais afectados. Nembargantes, nin siquera na última proposta da comisión (e non é de esperar que o Regulamento do Consello vaia máis lonxe) se aborda a posibilidade de incorporar algún tipo de representación deste carácter ao CPR, pese á natureza meramente consultiva deste Comité e aos bloqueos producidos na súa actividade respecto á fixación das prioridades rexionais e á coordinación das políticas rexionais dos Estados membros. Quizaiaves a Comisión non quixo acumular resistencias neste conflictivo punto» (ELIZALDE, J.: «La reforma del FEDER: principios de una auténtica política regional comunitaria», *Revista de Instituciones Europeas*, vol. 12, n.º 1, Xaneiro-Abril 1985, pp. 104- 105).

⁽¹⁸⁾ Parlement Européen. Documentos de Séance, 18 juillet 1985, Série B, Doc. B2-765/85.

A relación Comité de Política Rexional-rexións foi obxecto de preocupación en GIOLITTI: *Quéstion écrite* n.º 1684/82 de Hanna WALZ, *loc. cit.*

III. AS REXIÓNS E FONDO EUROPEO DE DESENVOLVIMENTO REXIONAL

1. O Comité do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

A regulación actual do Comité do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (F.E.D.E.R.)⁽¹⁹⁾ aparece recollida nos arts. 39, 40 e 41 do Regulamento do F.E.D.E.R., no cual o Comité configúrase especialmente como un órgano asesor da Comisión aos efectos do F.E.D.E.R.

En canto á súa composición, diremos que o é por representantes dos Estados membros, sendo presidido por un representante da Comisión. Temos que dicir, máis aínda, á vista da frecuente mobilidade na composición das delegacións, que non existen impedimentos para que os Estados inclúan no seo das súas delegacións a representantes das colectividade rexionais naqueles asuntos respeitantes á rexión.

⁽¹⁹⁾ En relación co F.E.D.E.R., entre outros, pode consultarse: CASASNOVAS SESE, A.: «El régimen jurídico del F.E.D.E.R.», *Revista de Instituciones Europeas*, Vol. 11, n.º 3, Setembro-Dembro 1984, pp. 831-847; GARCÍA CRESPO, M.: «La Política Económica Regional de la Comunidad Económica Europea desde la perspectiva del País Vasco», *Cursos de Derecho Internacional de Vitoria-Gasteiz 1983*, 1984, pp. 235-256; ROMUS: «La Política Regional y la adhesión de España a la Comunidad Europea», *Revista de Instituciones Europeas*, Vol. 11, n.º 2, Maio-Agosto 1984, pp. 399-413; *Id.*: «La politique régionale des Communautés Européennes», *Les politiques régionales en Europe*, Lausanne, 1985, pp. 229-312; BERNARD, M., CASASNOVAS, A., e USERO, J.C.: «Los fondos estructurales comunitarios y Aragón», Xornadas sobre efectos rexionais da adhesión de España ás Comunidades Europeas, Santiago de Compostela, 8-9 de Marzal de 1985, Xunta de Galicia, policopiado; ELIZALDE, J.: «La reforma...», cit., pp. 93-107; «El FEDER cumple diez años», *Comunidad Europea*, Año XX, N.º 218, Xullo-Agosto 1985, pp. 16-19; MISOS, A.: «La política regional de las Comunidades Europeas», *La nueva CEE. La perspectiva comunitaria*, segundo volumen, *Información Comercial Española*, n.ºs 627-628, Novembro-Dembro 1985, pp. 157-164; *La politique régionale européenne*, Le dossier de l'Europe, Commission des Communautés européennes, Abril 1985; *La Política regional europea*, Comisión de las Comunidades Europeas. Oficina de Madrid, Dembro 1985; *A Adhesión á Comunidade Europea. O seu impacto en Galicia*, Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda, Setembro de 1986, pp. 7-77; DRUESNE, G.: *Droit matériel et politiques de la Communauté européenne*, París, 1986, pp. 351-355; FLORENSA PALAU, S.: «La Política Regional de la CEE. Fundamentos e instrumentos», *Revista de Estudios Internacionales*, Vol. 117, n.º 2, Abril-Xuño 1986, pp. 501-542; GARCIA LOMBARDERO E VIÑAS, X. e LOZANO COURTIER, A.: «As Rexións de Europa: a Política Rexional da Comunidade Europea», *Cadernos Galicia-CEE*, A Coruña, 1986, pp. 59-71; *Informe General sobre la repercusión en la Comunidad de Madrid de las integración en la C.E.E.*, Comunidad de Madrid, Consejería de la Presidencia, 1986, pp. 31-56; LARRINAGA y VELASCO, R.: «Logros y fracasos de diez años de política regional común»,

Esta presenza, entre outros aspectos positivos, contribuiría a unha maior operatividade do art. 11.1 e 2, f), cando di:

«1. Os programas nacionais de interese comunitario emprenderáanse por iniciativa dos Estados membros. O Estado membro interesado presentará ditos programas á Comisión, despois de elaboralos en colaboración coas autoridades ou organismos correspondentes, dentro dos límites determinados pola lexislación nacional.

2. A Comisión valorará os programas en función da súa coherencia cos programas de desenvolvemento rexional e da súa contribución ao cumprimento dos obxectivos e prioridades da Comunidade e, en primeiro lugar, daqueles que se refiran ao ámeto rexional.

Esta valoración terá en conta:

f) o carácter fronteirizo, insular ou periférico das zonas ou rexións interesadas».

Entre as «autoridades ou organismos correspondentes» que deberán colaborar na elaboración dos programas nacionais de interese comunitario estarán inexcusavelmente as autoridades ou organismos rexionais⁽²⁰⁾.

Boletín de Estudios Económicos, Vol. XLI, Abril 1986, pp. 57-84; LAZARO ARAUJO, L. e MOLINA IBAÑEZ, M.: *La Política Regional*, Madrid, 1986, pp. 137-233; MADUREIRA PIRES, L.: — FEDER — *Guía para utilizadores portugueses*, Lisboa, B.F.N., 1986; SHARPE, T.: «State Aids and Regional Policy», *Law of the European Communities*, Vol. I, London, 1986, pp. 734-748; WITTE, B. de: «The Reform of the European Regional Development Fund», *Common Market Law Review*, 23, 1986, pp. 419-440; FERNANDES, A.J.: «La política regional comunitaria», *Boletín del Centro de Documentación Europea de Galicia*, 1, Maio-Xuño 1987, pp. 35-54; GALARRAGA, X.: «Las regiones y la Comunidad Europea: aspectos económicos», *Las regiones y Europa*, *Euskadi*, Bilbao, 1987, pp. 69-87; GARCÍA GOZALO, R. e MARTÍN GARCÍA, P.: «La Política Regional Comunitaria», *Cursos Superiores de Verano en Galicia*, Año 1986, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1987, pp. 255-273; MATHIJSSEN, P.: *Guía del Derecho de la Comunidade Europea*, Madrid, 1987, pp. 279-283; BUDD, S.A.: *The EEC — A Guide to the Maze* —, London, 1987, pp. 173-177.

⁽²⁰⁾ A relación Comité do F.E.D.E.R. — rexións foi obxecto de preocupación en WARFIS: *Quéstion écrite* n.º 2425/84, de Joyce QUIN, *loc. cit.*

No cadro FEDER-Rexións coidamos oportuno traer a colación algunhas das Conclusións do Coloquio de Santiago de Compostela (Relator PÉREZ GONZÁLEZ), citado anteriormente:

«1. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), tal como quedou estruturado tras o Regulamento do Consello n.º 1787/84, veu a superar algúns dos problemas que padecía no seu funcionamento dende a súa creación en 1975, sendo as novidades máis destacadas do novo sistema as seguintes:

2. Outras vías de incidencia

Outra vía de incidencia das rexións en relación co F.E.D.E.R. atópase no art. 1.3 do seu Regulamento, o que establece: «No que respeita ás rexións fronteirizas no interior da Comunidade, os Estados membros interesados procurarán garantir, no marco das súas relacións bilaterais, unha coordinación transfronteiriza do desenvolvemento rexional polos medios e os niveis que, de común acordo, consideren adecuados e, neste contexto, favorecer a cooperación entre os órganos rexionais e locais correspondentes».

Outra posibilidade ven recollida no art. 2.3. a), cando di que: «Os programas de desenvolvemento rexional terán carácter indicativo e precisarán os obxectivos e medios de desenvolvemento da rexión. As autoridades rexionais interesadas estarán asociadas, sempre que sexa posible, á elaboración de ditos programas»⁽²¹⁾. Salientaremos aquí que os Programas de

f. A articulación de unha maior coordinación entre a política rexional comunitaria e as políticas e planos de desenvolvemento rexional emprendidos a nivel estatal.

g. A apertura, no novo funcionamento do Fondo, cara unha maior incidencia das autoridades rexionais na configuración dos planos de desenvolvemento rexional, aínda que os verdadeiros interlocutores no ámbito comunitario seguen sendo os Estados.

8. A cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de política rexional europea resulta imprescindible na medida en que, dunha banda, dita política posee contidos que no plano interno indican competencias pertencentes ás Comunidades Autónomas según os seus estatutos, e, de outra banda, os proxectos que se elaboren deben ser unitarios e coherentes e é o Estado o responsable de presentalos diante da Comunidade Europea.

11. Na medida do posible, a formación dos planos e proxectos de política rexional deben facerse de maneira que figuren a salvo os seguintes puntos esenciais:

a) O contido material do planos e proxectos, cando éstos se refiran a aspectos que correspondan á exclusiva competencia das Comunidades Autónomas, debe ser establecido polas propias Comunidades Autónomas sen que as instancias estatais poidan modificalo.

13. Ao traveso destas accións [específicas de interese comunitario], douxe unha certa relevancia ás actividades rexionais e locais, aínda que... sigan sendo os Estados os interlocutores das instancias comunitarias. En todo caso, ao traveso da colaboración de tais autoridades, refórzase a regra da complementariedade co gallo de que a acción do fondo se engada real e operativamente ao esforzo estatal ou rexional de desenvolvemento».

⁽²¹⁾ En conexión con este tema, na Resolución sobre o papel das rexións na construción de unha Europa democrática e sobre os resultados da Conferencia das rexións, o Parlamento Europeo: «constata que as populacións concernidas deben gozar, polo intermedio dos seus representantes democráticamente elixidos aos niveis rexional e local, de un dereito de participación na elaboración e posta en marcha das políticas comunitarias, máis particularmente no que concerne aos programas de desenvolvemento rexional; á hora actual, estas posibilidades de participación representativa do cidadán non existen aínda en todos os Estados membros» (*loc. cit.*).

Desenvolvemento Rexional son un dos instrumentos máis importantes da Política Rexional Comunitaria como se deduce do art. 17.2 do Regulamento do F.E.D.E.R. que establece que: «Soio poderán beneficiarse da contribución do FEDER as inversións inscristas no marco dos programas de desenvolvemento rexional cuja realización poida contribuir a corrixir os principais desequilibrios rexionais na Comunidade que poidan afectar ao bon funcionamento do mercado común e á evolución converxente das economías dos Estados membros co gallo, en particular, de realizar a unión económica e monetaria». Eis aquí unha vía importante para facer ouvir a súa voz as rexións, voz que terá maior ou menor resoancia en función do peso político destas no seo dos Estados aos que pertencen.

Aínda outra posibilidade é a aberta polo art. 34.3 do Regulamento cando estipula que: «O Estado membro interesado asegurará a utilización concertada dos medios financeiros e nacionais, así como a estreita coordinación entre as diferentes autoridades públicas que interveñan na realización da operación integrada».

Temos que subraiar aquí a endeblez das vías de incidencia que acabamos de citar. Viría a ter razón a Comisión cando matiza que o Regulamento prevé a «asociación, máis ou menos vinculante» das autoridades rexionais e locais para a aplicación de diversas disposicións de aquél⁽²²⁾.

⁽²²⁾ *Comisión de las Comunidades Europeas, Fondo Europeo de Desarrollo Regional, XI Informe Anual (1985)*, Luxemburgo, 1987, p. 26.

A Comisión, nas páxinas 26 e 27, engadiría:

«No referente ás rexións consideradas individualmente, os servizos da Comisión concederon especial importancia ao contacto coas mesmas, non soio en canto á promoción de proxectos, senón tamén en canto aos problemas máis xerais de desenvolvemento. Así, tiveron lugar en 1985 centeaes de entrevistas coas autoridades rexionais, tanto en Bruselas como sobre o terreo...»

Por outra parte, o exame e a adopción dos primeiros programas nacionais de interese comunitario e a presentación dos programas comunitarios permitiron á vez clarear a propia noción de programa e comprobar as súas ventaxas, a pesar das dificultades que resultan da novidade de dito enfoque. Estas ventaxas son, por unha banda, o establecemento converxente de diferentes medidas para un período de varios anos, tanto por parte da Comunidade como dos Estados membros e, por outra, a intensificación dos contactos con todas as autoridades interesadas, tanto nacionais como rexionais. Dito reforzo corresponde tamén aos desexos expresados polas tres institucións na declaración común...

A comisión considera que é desexavel que se produzan milloras posteriores en varios ámbitos e en particular nos da coordinación, a presentación de programas, a cofinanciación de programas, a cofinanciación de proxectos e en especial na parte concedida ás inversións productivas, a presentación de solicitudes de axuda, a mobilización do potencial endógeno, a concentración xeográfica, a participación das autoridades locais e rexionais, a publicidade, así como o enfoque integrado».

Dende logo o Regulamento 1987/84 veu adoptar, en relación coas rexións, posicións bastante máis tímidas que as que aparecían na Proposición de Regulamento (CEE) do Consello modificativo do regulamento 724/75 que establece a creación do F.E.D.E.R. ⁽²³⁾, así como que as recollidas na Proposición presentada no mesmo senso no ano 1983 ⁽²⁴⁾.

Reseñaremos aquí, en relación com anterior, a posición sostida polo Parlamento Europeo, que recollemos a continuación, pola que:

«invita encarecidamente á Comisión a concebir meios permitindo acrescentar a participación das autoridades locais e rexionais nas decisións referentes á concesión das axudas que lles concernan, millorando así o seu coñecemento das modalidades según as cuais elas poden beneficiarse dun concurso público do FEDER;...; invita encarecidamente á Comisión a concebir meios permitindo acrescentar a participación das autoridades locais e rexionais na elaboración dos programas de desenvolvemento.

Constata en particular que os beneficiarios potenciais de unha axuda teñen permanentemente necesidade de ser aconsellados pola Comisión sobre os procedementos de demanda, así como sobor as cuestións refe-

Na materia a que estamos a referirnos, na páxina 24, a Comisión dixera: «Perante o segundo semestre de 1985, a Comisión recibiu un proxecto de PIM referente a Creta e anteproxeitos de PIM referentes ás rexións francesas mediterráneas. Ditos proxectos foron obxecto das primeiras reunións de traballo entre os servizos da Comisión e as autoridades nacionais e rexionais interesadas».

Con anterioridade, con motivo dunha Declaración común, o Consello, a Comisión e o Parlamento xa se pronunciaron sobre a materia: «As tres institucións acordan o interese, dentro do respecto das competencias internas dos Estados membros e das disposicións do dereito comunitario, de que exista unha relación máis eficaz entre a Comisión das Comunidades Europeas e as autoridades rexionais, e, nalgúns casos, locais. Elo permitirá que se teña mellor en conta os intereses rexionais no momento de elaborar programas de desenvolvemento rexional e programas de intervención» (*Boletín de las Comunidades Europeas. Comisión*, n.º 6, 1984, punto 1.3.1.).

Tamén como Declaration commune du Conseil, de la Commission et du Parlement Européen au sujet de la réforme du Fonds européen de développement régional, suite à la réunion de concertation du qui s'est tenue à l'occasion de la session du Conseil des 18 et 19 juin 1984, en *Principaux textes régissant la politique régionale des Communautés Européennes*, Office des publications officielles des Communautés Européennes, Luxembourg, 1985, p. 21.

⁽²³⁾ *JOCE, C* 336, de 23-12-81. *Vid.* ao respecto: art. 2.3.a), art. 9.1, art. 12.2, pfo. 3, art. 16.b) e art. 29.2.b), e 3., todos eles do Anexo á devandita Proposición.

⁽²⁴⁾ *JOCE, C*, 360, de 31-12-83. *Vid.* ao respecto: 6.º Considerando da Exposición de Motivos, art. 1.3.a), pfo. 4, art. 12.1, art. 15.1,b), 16.1,b) e 16.2., e art. 34.2.b) do Anexo á devandita Proposición.

rentes á xestión do Fondo, e que neste senso sería desexavel crear, no seo da dirección xeral de política rexional, unha división encargada de establecer un diálogo directo cos representantes das rexións da Comunidade europea e asegurando un cometido xeral de información, de estudo e de síntese» ⁽²⁵⁾.

IV. AS REXIÓN E O COMITÉ CONSULTIVO DOS PLANOS INTEGRADOS MEDITERRÁNEOS

Na Comunidade Europea, como suliña MOLINA del POZO, tense producido unha preocupación crescente polas consecuencias negativas que as decisións adoptadas no contexto de políticas sectoriais como a agrícola, industrial ou comercial poden ter para as economías rexionais. Con tal motivo, a Comunidade toma en consideración as implicacións rexionais das medidas de carácter sectorial, tentando de minimizar os seus efectos

⁽²⁵⁾ *JOCE, C*, 141 de 10-6-85.

Noutra ocasión, o Parlamento Europeo: «Considera que soio se pode controlar e utilizar con maior eficacia os programas si se descentraliza e fai máis democrático o FEDER por medio da participación activa das autoridades rexionais e locais na planificación dos programas». (Resolución sobor o Décimo Informe anual (1984) da Comisión das Comunidades Europeas relativo á actividade do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), *DOCE, C* 255, de 13-10-86).

Como exemplo concreto, neste eido de colaboración, sinalaremos cómo o Parlamento Europeo:

«Pide á Comunidade Europea que, en cooperación co Estado portugués e coa participación das autoridades rexionais e locais, estableza un programa de axuda á población e ás rexións afectadas, destinado fundamentalmente á recuperación das infraestruturas sociais.

Encarrega ao seu Presidente que transmita esta resolución á Comisión, ao Consello, ao Goberno portugués e ao goberno da rexión autónomas dos Azores»

Ibid.

Tamén noutra intre. Parlamento: «Subraia a importancia, para a aplicación do futuro Regulamento do FEDER, do diálogo entre a Comisión, o Estado membro e as autoridades rexionais e locais; este diálogo debe permitir establecer de común acordo as liñas prioritarias de desenvolvemento sobre as que o FEDER intervirá por un período plurianual» (Resolución sobre a revisión do actual Regulamento polo que se rixe o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), *DOCE, C*, 281, de 19-10-87).

Inclusivel, en relación, en concreto, coas Rexións Periféricas Marítimas e Insulares:

«8. Subraia, com referencia ás conclusións do Informe especial n.º 2/86 do Tribunal de Contas sobre as accións comunitarias específicas de desenvolvemento rexional (FEDER-accións fora de cuota), a necesidade de unha mellor información e sensibilidade das autoridades rexionais e locais interesadas no que respecta á concepción, obxectivos, métodos e procedementos que caracterizan as operacións financeiras da Comunidade; subraia asimismo a urxencia de organizar unha asistencia técnica activa da Comunidade en favor das mencionadas autoridades.

negativos e arbitrando mecanismos de compensación cando aquilo non sexa posíbel. Neste senso, un bon exemplo é o constituído polos Programas Integrados Mediterráneos (P.I.M.), creados polo Regulamento 2088/85⁽²⁶⁾ para atenuar os efectos da ampliación da Comunidade sobor determinadas rexións. Neste caso, os efectos concéntranse particularmente no sector agrícola, polo feito de que a produción dos novos Estados membros é semellante á das rexións mediterráneas. Buscando evitar que estes prexuícios supoñan un desfase aínda maior entre as zonas Norte e Sul da Comunidade, trátase de dirixir, no ámbito dos P.I.M., unha serie de fondos para financiar diversas medidas comunitarias a desenvolver en determinadas rexións de Francia, Italia e Grecia⁽²⁷⁾.

O papel das rexións en relación cos Programas Integrados Mediterráneos, aparece recollido en varios artigos do Regulamento 2088/15. Así, no art. 5.2 dise: «Os PIM son elaborados ao nivel xeográfico pertinente polas autoridades rexionais ou outras, desenhadas por cada Estado membro interesado».

26. Pide, ..., que a Comisión aplique, entre outras cousas, medidas específicas dirixidas a fomentar a participación das RPMI nos programas de investigación e tecnolóxicos da CEE, a promover o desenvolvemento 'in situ' das actividades tecnolóxicas e de investigación, así como a contribuír á financiación das conexións de laboratorios, empresas e administracións rexionais e locais ás redes telemáticas europeas».

Resolución do Parlamento Europeo sobre as rexións periféricas marítimas e insulares, *Ibid.*

Pola súa banda, o Comité Económico e Social afirmou que «xulgando esenciais o papel e a responsabilidade do Estado membro concernido, reafirma a necesidade de anovar relacións coas autoridades rexionais e locais con vista á súa participación responsavel, así como con as forzas sociais e económicas representativas». Informe sobor do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (oitavo informe da Comisión ao Consello), *JOCE*, C 206, de 6-8-84.

Nunha liña favorable aos intereses rexionais atopamos tamén: DELORS: Questión écrite n.º 1982/84 de Dario ANTONIOZZI, *JOCE*, C, 176, de 15-7-85.

No plano dos feitos, a Comisión declararíaa: «O diálogo entre a Comisión e as autoridades rexionais ou locais continúa desenvolvéndose, por unha banda, con ocasión dos problemas que se plantexan nunha ou noutra rexión e, por outra, mediante o reforzo dos vencellos coas asociacións comunitarias que representan ás autoridades rexionais e locais» (Informe da Comisión. Intercambio de pareceres entre a Comisión, o Consello e o Parlamento Europeo sobor da apreciación e a aplicación dos principios do novo Regulamento FEDER, COM (87) 236 final, Bruselas, 5 de Xuño de 1987).

Asimesmo, a Comisión na Proposta xeral en virtude do art. 130 D do Tratado CEE, postula no art. 4, aptdo. 2: «A acción comunitaria consideraráse un complemento das medidas nacionais correspondentes. Estabeleceráse mediante un acordo entre a Comisión e os Estados membros e actuando como asociados no logro de un obxectivo común. No sucesivo este acordo denominarásese cooperación. Si fora preciso, asociarásese ao mesmo

Asimesmo o art. 9 preceitúa:

«Para cada PIM, un comité de seguemento é posto en pe de común acordo entre a Comisión e o Estado membro concernido. O Comité asiste ao Estado membro, á autoridade rexional ou a toda outra autoridade desenhada por ésta para asegurar a execución do PIM. O Banco Europeo de Inversións é representado no seo do Comité.

A posta en execución dos PIM require o establecemento de contratos de programa entre as partes interesadas (Comisión. Estados membros, autoridades rexionais ou toda outra autoridade desenhada polo Estado membro) precisando os seus compromisos respetivos».

Igoalmente, no Anexo IV (Contrato de programa), recóllese:

«O contrato establecido para cada PIM a fin de ser examinado pola Comisión conforme ao artigo 9 do regulamento comporta:

- a) a desenhación polo Estado membro da autoridade rexional ou toda outra autoridade desenhada por éste para asegurar a boa execución do PIM así como a composición do Comité de seguemento encargado de asistilo.

...

as autoridades rexionais, locais ou de outro tipo desenhadas polo Estado membro de que trate. Esta cooperación referirásese á preparación, ao seguemento e á avaliación das medidas» (Comisión de las Comunidades Europeas. La reforma de los fondos estructurales, COM (87) 376 final, Bruselas, 5 de agosto de 1987). No mesmo senso, «La Commission finalise ses propositions pour la réforme des fonds structurels», *Note d'Information*, Bruxelles, 24 de Xullo de 1987, p. 4.

Sobor do papel das rexións e autoridades locais en relación co F.E.D.E.R., pode verse: WITTE: *op. cit.*, pp. 419-440; UHRICH: *op. cit.*, pp. 92-93 e 195-198. *In extenso*, sobre este particular, *vid.* SOBRINO HEREDIA: «La reforma del FEDER y las Comunidades Autónomas», *Movimiento Europeo*, n.º 14, Outono 1986, pp. 9-17.

En relación coa representación no seo das institucións europeas en xeral, BALOUP, G.: «L'action du Conseil de l'Europe et de la Conférence des Pouvoirs Locaux et Régionaux de l'Europe en faveur de la décentralisation régionale», *Les politiques...*, cit., pp. 353-354.

⁽²⁶⁾ *JOCE*, L 197, de 27-7-1985.

⁽²⁷⁾ MOLINA del POZO, C.F.: *Manual de Derecho de la Comunidad Europea*, Madrid, 1987, p. 430; RICCARDI, F.: «Programas Integrados Mediterráneos: En la línea de salida», *Comunidad Europea*, Setembro-Outubro 1985, pp. 7-10.

- d) a descripción das operacións de avaliación e máis xeralmente de control das accións que se benefician de un concurso comunitario, así como do conxunto do PIM e das obrigacións que resultan para o Estado membro, a autoridade rexional ou toda outra autoridade desinada por éste...
- e) a natureza das informacións a proporcionar polo Estado membro, a autoridade rexional ou toda outra autoridade desinada por éste para a execución do PIM, co gallo de obter o pagamento dos concursos comunitarios.
- f) a desinación das autoridades rexionais ou outras ou de persoas físicas ou morais susceptibles de recibir os pagamentos dirixidos pola Comunidade para cada unha das accións beneficiarias dun concurso comunitario».

Nunha línea favorable a unha posición máis activa das rexións en relación cos PIM, téñense pronunciado tanto o Parlamento Europeo ⁽²⁸⁾ como o Consello Económico e Social ⁽²⁹⁾.

⁽²⁸⁾ O Parlamento Europeo pronunciouse no seguinte teor;

«2. Constata con satisfacción que as novas proposicións satisfacen un bo número de demandas presentadas na súa resolución de 14 de marzo de 1985 precitada, especialmente no que concerne:

b) á participación, baixo a súa responsabilidade das autoridades rexionais e locais.

14. felicítase do papel e das funcións atribuídas ás rexións pola proposición de regulamento a exame, pero estima que hai razóns para recoñecer ás rexións interesadas responsabilidades máis extensas aínda no proceso de elaboración, de adopción e de xestión dos programas.

15. invita á Comisión, na perspectiva dunha posta en marcha eficaz dos PIM, a tomar as disposicións necesarias para:

a) asegurar ás autoridades rexionais e nacionais a axuda técnica máis válida posible, especialmente tanto en materia económica como en materia de programación rexional e de determinación dos potenciais de desenvolvemento endóxeno».

Resolución contendo dictame do Parlamento europeo sobre a proposición da Comisión das Comunidades Europeas ao Consello relativa a un regulamento concernente aos programas integrados mediterráneos, *JOCE, C, 175*, de 15-7-1985.

⁽²⁹⁾ Polo que respeta ao Comité Económico e Social, dictaminou nos seguintes termos:

«No seu dictame de 24 de novembro de 1983 [*JOCE C, 23*, de 30-1-84], o Comité pronunciou-se por unanimidade en favor da iniciativa da Comisión concernente á posta en marcha de programas integrados mediterráneos... O Comité suliñou en fin que a concertación máis estreita entre a Comisión, as autoridades nacionais, rexionais e locais, e as organizacións socio-profesionais, así como unha real sensibilización das populacións interesadas, constituían as condicións indispensaveis para o éxito de estos programas.

V. AS REXIÓNS E O CONSELLO CONSULTIVO DAS COLECTIVIDADES LOCAIS E REXIONAIS

Outro viero de incidencia das rexións na Política Rexional Comunitaria ven dado polo Comité Consultivo das Institucións Locais e Rexionais dos Estados Membros da Comunidade Europea. Este Comité, creado en Bruselas en 1986, ten unha natureza consultiva e un carácter oficioso, servindo de canle de información e discusión sobor dos problemas que suscita a elaboración e aplicación da Política Rexional Comunitaria: ao traveso dél os organismos locais e rexionais dispoñen da oportunidade de facer ouvir os seus intereses en Bruselas.

No seu Regulamento interno, de Novembro de 1978, recóllese a súa composición formando parte do mesmo un amplo número de organizacións europeas representativas dos poderes locais e rexionais: a Conferencia de Rexións Periféricas, a Asociación de Rexións Fronteirizas, o Consello de Municipios de Europa, a Unión Internacional de Cidades e a Conferencia de Poderes Locais e Rexionais da Europa, estando previsto o principio de unión persoal entre o Comité Consultivo e a citada Conferencia.

1.3. A posta en marcha ordenada dos PIM vai eixir incontestavelmente un esforzo de coordinación extremadamente importante, non soio entre os servizos da Comisión mesmos, senón tamén entre o conxunto destes servizos e as autoridades responsaveis das rexións concernidas...

1.4. O dictame xa citado de 24 de novembro de 1983 suliñou a importancia de unha concertación estreita entre a Comisión e as autoridades nacionais, rexionais e locais na elaboración e na posta en marcha das accións concretas que serán levadas a cabo no cadro dos PIM. O Comité insiste moi particularmente no feito de que a Comisión non debe limitar a súa concertación ás autoridades políticas, senón entablar un diálogo estreito co conxunto das forzas económicas e sociais das rexións concernidas.

O Comité saúda o progreso que constitúe en materia de procedemento de concertación, a creación en cada Estado membro concernido dun comité de dirección, pero rechaza que a composición deste sexa deixada á discreción do Estado membro e da Comisión. O Comité desexa que ao pe das autoridades rexionais cuia participación é xustamente prevista pola Comisión, as forzas económicas e sociais sexan igualmente asociadas e que os representantes destas sexan desinadas por cada Estado membro...

O papel das instancias rexionais e locais na elaboración dos programas, na localización e coordinación das accións non é tampouco precisado. Parece que a Comisión deixa ás autoridades nacionais o coidado de organizar como elas o entendan a concertación no interior do país.

Sen prexulgar as modalidades precisas desta concertación que, según os Estados ou rexións, poden variar en función da organización dos poderes públicos propios nos Estados considerados, o Comité vulga indispensable que as autoridades rexionais e locais así

Dende diversos meios postulouse a reforma do Comité Consultivo. Así, PÉREZ GONZÁLEZ e PUEYO LOSA escriberon: «O reforzamento do papel do Comité Consultivo podería converter a éste na estrutura de diálogo democrático entre os responsaveis rexionais e as instancias comunitarias necesaria para unha avaliación e planificación máis eficaces da política rexional comunitaria. Nesta liña, o Consello da Europa, ao traveso da CPLR, convencido da conveniencia de ampliar a base democrática e popular da Europa afortalando a presenza dos poderes locais e rexionais ante as instancias europeas, sostivo a oportunidade de procurar unha consulta directa de tais poderes con ditas institucións mediante o desenvolvemento da laboura do referido Comité Consultivo; consulta que debería institucionalizarse a un nivel máis oficial mediante un instrumento *ad hoc* adoptado polas autoridades da Comunidade e redactado de acordo cos organismos representativos dos poderes locais e rexionais»⁽³⁰⁾.

como os representantes dos interlocutores económicos e sociais sexan estreitamente asociados á programación das accións, e en particular á preparación do dispositivo operacional, a fin de asegurar a mellor adecuación posíbel ás realidades e ás necesidades das zonas consideradas. Isto non impide polo demáis que a coordinación xeral e a compatibilidade de conxunto do dispositivo operacional sexan aseguradas polas autoridades nacionais en conexión coa Comisión.

Convén por outra parte que a Comisión se comprometa a fornecer ao Estado membro a demanda súa unha asistencia técnica na materia».

Informe sobor das proposicións da Comisión que concernen aos programas integrados mediterráneos (PIM), *JOCE, C*, 206, de 6-8-84.

Á volta dun ano despois, o o Comité Económico e Social diría: «O Comité insiste sobor da necesidade máis indispensable que nunca de actuar de tal xeito que a colaboración prevista entre autoridades nacionais e comunitarias inclúa de maneira satisfactoria — especialmente polo que respeita á participación nos comités de orientación previstos para cada un dos programas — os representantes socio-profesionais, rexionais e locais, co fin igualmente de promover o desenvolvemento das rexións mediterráneas gracias á difusión das pequenas e medianas empresas» (Dictame do Comité económico e social sobor da proposición do regulamento relativo aos programas integrados mediterráneos (PIM), *JOCE, C*, 188, de 29-7-85).

Sobor da participación rexional pode consultarse: BLASCO JAUREGUI, J.: «Los programas mediterráneos integrados: Una respuesta a la Europa del Sur», *Revista de Instituciones Europeas*, Vol. 12, Xaneiro-Abril 1985, pp. 124-127.

⁽³⁰⁾ PÉREZ GONZÁLEZ e PUEYO LOSA: «Comunidades Autónomas...», cit., p. 194.

En este senso, asimesmo, as Resolucións da Conferencia de Poderes Locais e Rexionais da Europa 122 (1981) sobor da política rexional dos Estados membros do Consello da Europa e das institucións europeas, adoptada no 16.º período de sesións, punto 16, ii, e 134 (1982) sobre os programas de integración europea, adoptada no 17.º período de sesións, punto 13, c.

Asimesmo, na Resolución sobor do papel das rexións na construción de unha Europa democrática e sobor dos resultados da Conferencia das rexións, entre outros asuntos, o Parlamento Europeo:

«13. constata que a Comunidade europea ten constantemente necesidade, no dominio da política rexional comunitaria, de un interlocutor autorizado, habilitado para falar no nome dos intereses das colectividades locais e rexionais;

16. considera que o comité consultivo así reformado e alongado para representar de maneira apropiada ás rexións da Comunidade europea, debe longamente contribuir a difundir o coñecemento dos problemas europeos, a adaptar máis a acción da Comunidade ás necesidades reais da poboación, a verificar constantemente o impacto rexional e local e a poñer en evidencia as eixencias específicas de rexións particulares, tais como por exemplo, as rexións periféricas, fronteirizas, montañosas ou insulares ou as rexións caracterizadas por fenómenos de declive industrial;

desexa que as outras institucións da Comunidade concreticen élas as súas tomas de posición repetidas igualmente nos documentos oficiais en favor desta participación, oficializando a súa relación co comité consultivo»⁽³¹⁾.

Estes pronunciamentos non podían caer no valeiro. Así, en 1986, no marco dos contactos abertos polo Consello das Rexións de Europa (C.R.E.)⁽³²⁾, o Presidente DELORS e o Comisario PFEIFFER deron a coñecer o seu desexo de crear, no seo da Comisión, un Consello Consultivo das Colectividades Rexionais e Locais, dotado de carácter oficial.

⁽³¹⁾ *JOCE, C*, 127, de 14-5-1984.

As conclusións da devandita Conferencia poden consultarse en: Conférence des Régions de la Communauté Européenne et des pays candidats, Espagne et Portugal, organisé par le Parlement Européen, Déclaration finale, Strasbourg, 25-27 janvier 1984, Doc. CPL/P (18) 20, Conférence Permanente des Pouvoirs Locaux et Régionaux de l'Europe.

⁽³²⁾ O Consello das Rexións da Europa foi fundado en 1985 pola Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas, a Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas, a Comunidade de Traballo de Rexións dos Alpes Occidentais, a Asociación das Rexións dos Alpes Orientais, a Comunidade de Traballo dos Pirineos, a Comunidade das Rexións do Xura, a Comunidade de Traballo das Rexións de Tradición Industrial e a Unión das Rexións Capitais da Comunidade Europea.

Sobor deste Consello, pode verse: *Consejo de las Regiones de Europa*, Estrasburgo; *Consejo de las Regiones de Europa*, Comité Permanente, Acta, Venezia, 4 e 5 maggio 1987.

O 16 de Setembro de 1986, nunha xuntanza celebrada entre o Comisario PFEIFFER e as delegacións do Consello das Rexións da Europa e do Consello dos Municipios e Rexións da Europa (C.M.R.E.), encabezadas polos Presidentes FAURE e HOFMAN, decidíuse crear un grupo de expertos pola Dirección Xeral de Política Rexional, que estaría composto, por unha banda, polos Segredarios Xerais do Consello dos Municipios e Rexións da Europa e da Unión Internacional de Autoridades Locais (IULA), e, pola outra, polo Segretario Xeral do Consello das Rexións da Europa e o Director do Centro Europeo de Desenvolvemento Rexional (C.E.D.R.E.), tendo o devandito grupo a misión de elaborar un proxecto, intentando un acordo ao respecto.

O grupo de expertos lévase reunido en Bruselas perante ao menos cinco veces ao longo de 1986 e 1987.

Froito dos seus traballos é o Anteproxecto de Decisión da Comunidade relativa á creación de un Consello Consultivo das Colectividades Locais e Rexionais, resultante das discusións do grupo de expertos reunidos o 17 de marzo de 1987 ⁽³³⁾.

O 21 de Novembro de 1987, en Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada en Bruselas, o Consello das Rexións da Europa mudou este nome polo de Asamblea das Rexións da Europa. A razón de este cambio, negociado o 25 de febreiro de 1987, na Asamblea Nacional francesa, entre CHABAN DELMAS e R. NUGESSER, polo Consello dos Municipios e Rexións da Europa, e E. FAURE polo Consello das Rexións da Europa, foi devida ao desexo de evitar confusións derivadas da similitude das denominacións.

O acordo atinxiu tamén ao ámeto das competencias, de tal xeito que: o grupo «Consello dos Municipios e Rexións da Europa» consagraráse aos problemas relativos ás relacións entre as diferentes colectividades territoriais; o grupo «Asamblea das Rexións da Europa» fixará a súa actividade sobre os problemas interrexionais (nacionais e internacionais) e sobre as relacións entre as Rexións e as Institucións europeas (Consello da Europa e Comunidade).

⁽³³⁾ Proyecto de creación de un «Consejo Consultivo» de las Colectividades regionales y locales en el seno de la Comisión Europea, C.R.E. — Venecia, Comité Permanente, cit.; Compte rendu de la 5^{ème} réunion d'experts relative à la creation éventuelle d'un Conseil consultatif des collectivités locales et régionales auprès de la Commission. Bruxelles, 17 març 1987.

Nunha línea de apoio ao Consello Consultivo, pode verse: ROBERT, J.: «Presentación del hecho regional en Europa en relación con el Acta Unica», Consejo de las Regiones de Europa, Segundos Estados Generales de las Regiones de Europa, Tema I, 19 de Novembro de 1982, p. 2, policopiado.

A necesidade para as rexións de ser consultadas e de participar no proceso de toma de decisións da Comunidade Europea foi posta de manifesto por R. MATHESON en «La reforma de los fondos estructurales», *Ibid.*, Tema III, 20 de Novembro de 1987, policopiado. Neste mesmo eido, PIERRET, G.: «La creación de un Consejo consultivo de las Colectividades Regionales y Locales dentro de la Comisión Europea», *Ibid.*

O Anteproxecto está composto por unha Exposición de Motivos e 7 artigos. No artigo primeiro institúese «xunto da Comisión un Consello consultivo das colectividades locais e rexionais, denominado en adiante 'Consello Consultivo'».

Segundo o art. 2: «O Consello consultivo pode ser consultado pola Comisión sobor de toda cuestión relativa ao desenvolvemento rexional e máis particularmente á elaboración e a posta en obra da política rexional da Comunidade, comprendendo as Implicacións rexionais e locais das outras políticas da Comunidade».

No art. 3 dise que o Consello comprende coarenta e tres membros, nomeados a tiduo persoal, a metade pola súa competencia relativa aos problemas de desenvolvemento das rexións e a outra metade pola competencia nos problemas das outras colectividades territoriais. Estes membros son nomeados pola Comisión, perante un periodo de 3 anos, a proposición conxunta do consello das Rexións da Europa, da Unión Internacional de Vilas e Poderes Locais e do Consello de Municipios e Rexións da Europa. O reparto, a teor do Anexo I, sería da seguinte forma: Bélxica: 2 prazas; Alemaña: 6 Prazas; Dinamarca: 2 prazas; Grecia: 2 prazas; Francia: 6 prazas; Irlanda: 2 prazas; Italia: 6 prazas; Luxemburgo: 1 praza; Países Baixos: 2 prazas; España: 5 prazas (2 representantes das municipalidades e provincias; 1 representante tendo dobre mandato, dos cuais 1 será rexional, e 2 representantes de rexións; Portugal: 2 prazas (1 Presidente de Cámara exercendo unha función importante nunha rexión de programa continental; e 1 representante de rexión autónoma); Reino Unido: 6 prazas.

Os artigos 4,5 e 6 están adicados a asuntos organizativos e procedimentais.

Estaríamos, xa que logo aquí, diante dunha tentativa de «oficializar» a voz das rexións no ámeto da Comisión nos asuntos da Política Rexional e das implicacións rexionais e locais das outras políticas da comunidade. Aínda que ceais non sexa o momento oportuno, sen deixar de felicitarnos polo que de positivo viría a representar a creación do Consello Consultivo, non quixéramos desaproveitar a ocasión de facer algunha observación ao Anteproxecto. Neste senso, sinalaremos o feito de pertencer a «iniciativa» soio á Comisión, como poidemos reparar no art. 2, cando decía que «O Consello consultivo pode ser consultado pola Comisión...». Nesa mesma dirección apunta o art. 6, cando di que «as deliberacións do Consello consultivo ou das súas seccións versan sobor das demandas de informe formuladas pola Comisión».

VI. ATENCIÓN PARTICULAR ÁS REXIÓNS AUTÓNOMAS DOS AZORES E DA MADEIRA

1. Fase previa á adhesión

Partindo do feito de que todo o até aquí dito é de aplicación para todas as rexións europeas, e de validez, polo tanto para os Azores e a Madeira, imos deseguido a estudar os parámetros legais de que dispoñen particularmente as Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira para colaborar na formación das posicións portuguesas nos distintos ámbitos comunitarios. Obviamente, plantexados estos parámetros con unha finalidade comunitaria xeral, nin que dicir ten que eles encontrarán unha das súas aplicacións máis pristinas no eido da conformación da vontade externa portuguesa en materia de Política Rexional Comunitaria.

En relación coa presenza de representantes das rexións no seo das delegacións estatais, ocupadas de asuntos de relevancia comunitaria en xeral e, consecuentemente, entre eles, dos concernentes á Política Rexional Comunitaria, xulgamos oportuno tragar aquí a PÉREZ GONZÁLEZ, cando ao referirse á participación das Comunidades Autónomas, xunto coas instancias estatais centrais, na definición da política a seguir polo Estado — ou formación da vontade estatal — de cara á implantación das normas comunitarias, escribe: «Esta participación faise máis perentoria na medida en que poida irse afianzando no plano supranacional a tendencia a potenciar a homoxeneización das disposicións normativas e, por ende e en concreto a conferir ás directivas (e no seu caso ás recomendacións C.E.C.A.) un carácter tan detallado que posibilite a súa aplicación directa no seo do Estado coa conseguinte perda de capacidade de acción do lexislador interno (estatal ou nacional), urxindo compensar esta perda mediante un reforzo da participación na fase ascendente»⁽³⁴⁾.

No que respeita a esta *fase ascendente*, polo que atinxe aos supostos das Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira, é doado sinalar que o art. 229, 1, p) da Constitución portuguesa establece: «As rexións autónomas son persoas colectivas de dereito público e teñen os seguintes poderes: participar nas negociacións de tratados e acordos internacionais que

⁽³⁴⁾ PÉREZ GONZÁLEZ: «La acción exterior del Estado y las autonomías: Desarrollo en la práctica estatutaria», *Cursos de Derecho Internacional de Vitoria — Gasteiz 1986*, Universidad del País Vasco, 1987, p. 331.

directamente lles digan respeito, ben como nos beneficios deles decorrentes»⁽³⁵⁾.

Visto este artigo, cumpriría preguntarnos si o Tratado de Adhesión de Portugal ás Comunidades Europeas é un tratado que lles afecte directamente ás devanditas Rexións Autónomas⁽³⁶⁾. Este problema — que, polo demáis, dende un plano hermenéutico da Constitución, Estatutos de Autonomía e documentos preparatorios do Tratado de adhesión, así como á vista do dereito e praxis comparados na materia, non viría a ter dúbidas — foi obxecto de tratamento no plano lexislativo. Así, en primeiro lugar, atópamonos co Decreto-Lei n.º 306/77 de 3 de Agosto, polo que se creaba na Presidencia do Consello de Ministros a Comisión para a Integación Europea á cual «compete xenéricamente... de acordo coas directrices emanadas do Goberno, preparar e dirixir as negociacións con vistas á adhesión de Portugal ás Comunidades Europeas» (art. 6). Na composición da Comisión (art. 5) no se contemplaba ningunha representación das

⁽³⁵⁾ O art. 229.1.p ten a súa correspondencia nos arts. 33, j) dos Estatutos provisorios dos Azores e da Madeira (respeitivamente, Decretos-Leis n.º 318-B/7 e n.º 318-D/76, de 30 de Abril). Asimesmo no art. 44, p) do Estatuto dos Azores (Lei 39/80 de 5 de Agosto) e no art. 56, q) do vixente Estatuto dos Azores (Lei 9/87 de 27 de Marzal).

A participación das Rexións Autónomas nas negociacións de Tratados que lles afecten directamente viría asimesmo precedida de un dereito de pronunciamento destas recollido no art. 229.1.q) da Constitución: «As rexións autónomas... teñen os seguintes poderes: pronunciarse por súa iniciativa, ou sob consulta dos órganos de soberanía, sobre as cuestións de competencia destas que lles digan respeito». Este preceito ten unha correspondencia no art. 22, h) do Estatuto de Madeira de 1976 — aínda vixente — e nos arts. 32, s) e 56, s) do Estatuto dos Azores, nos que se recolle o poder de pronuncia, respectivamente, a favor da Asamblea Rexional e do Goberno Rexional.

Sobre a noción de «cuestións respeitantes ás rexións autónomas», pode verse o noso traballo: «As Rexións...», pp. 22-23; «Las Regiones...», pp. 207-210; MONJARDINO, A.: «A participação das Regiões Autónomas na feitura das leis», *Atlântida. Ciências Sociais*, Instituto Açoriano de Cultura, Vol. I, 1987, pp. 71-76. Sobre a noción de interese específico das Regiões Autónomas», *Estudos sobre a Constituição*, 1.º Volume, Lisboa, 1977, pp. 307-316; MONJARDINO: «Cinco anos de Dereito estatutario», *Em memória de Luís Ribeiro, jurista*, Volume XL do *Boletim do Instituto Histórico da Ilha Terceira*, pp. 175-178; FERREIRA, F. A.: *As Regiões Autónomas na Constituição Portuguesa*, Coimbra, 1980, pp. 83-88.

Advertiremos aquí que a Constitución portuguesa de 1976 foi alterada pola Lei Constitucional n.º 1/82 de 30 de Setembro (Primeira Revisión da Constitución), (*Diário da República*, 30 de Setembro de 1982, I Serie-Número 227). Suliñaremos, con todo, que esta revisión non afecta ás tesis que mantemos no noso artigo sobre «As Rexións...».

⁽³⁶⁾ Sobre a noción de «Tratados e acordos que directamente lles digan respeito», pode consultarse: MARTÍNEZ PUÑAL: «As Rexións...», cit., pp. 10-14; *Id.*: «Las Regiones...», cit., pp. 194-198.

Rexións Autónomas, si ben existía un Grupo Representantes Permanentes — entre os cuais estaban un representante da Rexión Autónoma da Madeira e outro da dos Azores —, cúa misión consistía en funcionar como «elementos de ligazón entre a Comisión e as entidades que representan, para efectos de dinamización e coordinación das colaboracións a establecer, ben como para veicularen para a Comisión as posicións oficiais que as entidades representadas tiveren sobre as materias de negociacións» (art. 10.2). Parecería que pola vía lexislativa estaban a darse uns pasos que poideran querer, así fora tímidamente, denotar o carácter que de *afectación directa* para as Rexións Autónomas poidera ter o Tratado de adhesión ás Comunidades Europeas.

O Decreto-lei citado anteriormente foi revisado polo Decreto-Lei n.º 185/79 de Xuño. Segundo o Preámbulo deste Decreto-Lei, a súa razón de ser estribaría en que as negociacións coas Comunidades Europeas, tendentes á integración fan necesaria a colaboración permanente dos sectores fundamentais da vida do país, estímándose que únicamente por meio de tal colaboración sería posíbel conquistar e obter asimesmo unha visión global dos intereses en xogo, nunha óptica, que transcendendo os aspectos meramente sectoriais, se sitúe, exactamente, no plano nacional.

Para o logro dos obxectivos expostos foi creado no Decreto-Lei o Consello de Ministros para a Integración Europea, competéndolle a este Consello — cúa composición se recolle no art. 1 — «definir as necesarias directrices para as negociacións con as Comunidades Europeas, debendo asegurar a armonización dos diversos intereses en xogo con os obxectivos que contemplan a integración europea» (art. 3).

O Capítulo II do Decreto-Lei estaba adicado á Comisión de Integración Europea. Constituída tamén esta representación das Rexións Autónomas, tiña como finalidade «xenéricamente de acordo coas directrices emanadas do Goberno, preparar e proseguir as negociacións con vista á adhesión de Portugal ás Comunidades Europeas»; como órganos de apoio tiña: a) o Grupo de Delegados Permanente; b) o Secretariado para a Integración Europea e c) os Gabinetes para a Integración Europea.

O Grupo de Delegados Permanente estaba composto por nove membros, un dos cuais era representante da Rexión Autónoma dos Azores e outro da Madeira (art. 14, 1), sendo desíñados polos Presidentes dos respectivos gobernos rexionais (art. 14, 2). A teor do art. 16: «Compete ao Grupo de Delegados Permanente asegurar a ligazón entre a comisión e as entidades que representan, para efectos da dinamización e coordinación das colaboracións a establecer en materia de natureza técnica, ben como para transmitir á comisión as posicións oficiais que as entidades

representadas tiveren sobre as mesmas materias e todas as informacións que poidan ser de interese para a preparación e o desenrolar das negociacións».

Parecía ir consolidándose, pois, neste plano lexislativo expreso de que estamos a falar, o carácter do Tratado de adhesión como afectante directo para as rexións. Tal carácter tomaría máis corpo aínda, á vista da Resolución da Presidencia do Consello de Ministros n.º 99/80 (*Diario da República*, 19 de Marzal de 1980), pola que se alterou a Comisión de Integración Europea, «pasando a ser composta, para máis dos vogais previstos..., de dous vogais representantes das Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira».

Si houbera aínda algunha dúbida sobor da íntima relación existente entre Tratado de adhesión-Rexións Autónomas, ela ven a ser disipada polo Estatuto de Autonomía dos Azores de 1980. En éste no seu art. 60, c), d), e), sinala:

«Tendo en vista o exercicio efectivo dos dereitos de audición e participación conferidos á Rexión o Goberno da República e o Goberno da República e o Goberno Rexional elaborarán protocolos de colaboración permanente sobre materia de interese común ao Estado e á Rexión, designadamente sobre:

- c) Adhesión ou integración do País en organizacións económicas internacionais.
- d) Traballos preparatorios, acordos, tratados e textos de dereito internacional.
- e) Beneficios decorrentes de Tratados ou acordos internacionais que digan directamente respecto á Rexión».

Deste artigo que non sofrería revisión en 1987 — dedúcese ffacilmente a afirmación de que os tratados internacionais sobre a adhesión ou integración de Portugal en organizacións internacionais virían a situarse no ámbito dos Tratados que afectan ás Rexións Autónomas. É de suliñar — como xa tivemos ocasión de dicir — tamén o modo como os protocolos de colaboración permanente poden axudar á institucionalización de un clima de estudo sereo e desapaixado dos intereses das Rexións Autónomas e do resto do país e ao encuadramento de todos eles no ámbito dun interese estatal, que sexa refreixo real — tomando a expresión de PÉREZ GONZÁLEZ — dun verdadeiro *interese nacional integrado* (37). Observemos

(37) PÉREZ GONZÁLEZ: *op. cit.*, p. 328.

tamén o obxecto amplo das materias de protocolo contidas no pfo. d): «Traballos preparatorios, acordos, tratados e textos de dereito internacional». Máis aló dunha certa ambigüedad podería encontrarse o desexo de non fechar posibilidades ás Rexións Autónomas en materia de acompañamento na delineación da actividade exterior.

O art. 60 era completado polo art. 61 nos seguintes termos:

«Constitúen, designadamente, materias de dereito internacional, xeral ou común, respectando directamente á Rexión, para efectos do artigo anterior:

- a) Utilización do territorio rexional por entidades extranxeiras, en especial para bases militares;
- b) Protocolos celebrados coa NATO e outras organizacións internacionais, en especial sobre instalacións de natureza militar ou paramilitar;
- c) Adhesión de Portugal á Comunidade Económica Europea;
- d) Lei do mar;
- e) Utilización da Zona Económica Exclusiva;
- f) Plataforma continental;
- g) Contaminación do mar;
- h) Conservación e explotación de especies vivas;
- i) Navegación aérea;
- j) Exploración do espazo aéreo controlado».

A participación das Rexións Autónomas nas negociacións de tratados internacionais que lles afecten directamente atoparía, pois, un aberto abano de posibilidades, estando entre elas as negociacións tendentes á adhesión ás Comunidades Europeas. Entendemos que a conexión do art. 60 co 61 xunto coa concepción aberta (*designadamente*) de ámbolos dous artigos, e asimesmo o uso da expresión Comunidades Europeas nos Decretos-Leis n.º 306/77 e n.º 185/79 vistos anteriormente, lévanos obrigatoriamente a ver baixo o pfo. c) do art. 60 ao falar de «adhesión de Portugal á Comunidade Económica Europea», unha referencia implícita ás tres Comunidades Europeas⁽³⁸⁾. Diremos tamén que os principios participativos aquí

⁽³⁸⁾ Salientaremos tamén que a participación na negociación, por si houbera algunha dúbida con respecto ao alcance do termo «negociación», é obxecto de aclaración no artigo 62 do Estatuto dos Azores de 1980: «A participación nas negociacións de tratados e acordos internacionais que digam respecto á Rexión realizarase ao traveso de representación efectiva na delegación nacional que negociar o tratado ou acordo, ben como nas

expostos — aínda que carentes dun tratamento estatutario como o recollido no Estatuto dos Azores — son de aplicación — por mor da súa orixe constitucional — para á Rexión Autónoma da Madeira.

2. Fase posterior á adhesión

Conectando co dito na parte final do anterior epígrafe, suliñaremos que a referencia plural ás Comunidades Europeas constaría, polo demais, no Decreto-Lei n.º 527/85, de 31 de Decembro, (Crea, na dependencia do Ministro dos Negocios Extranxeiros, a Comisión Interministerial para as Comunidades Europeas). Segundo o art. 2: «Incumbe á Comisión, de acordo coas directices emanadas do Goberno, asegurar a coordinación entre os diversos ministerios, rexións autónomas e servizos do Estado con vista á definición das posicións a asumir polo Goberno portugués nas diferentes institucións das Comunidades Europeas»⁽³⁹⁾.

A composición desta Comisión Interministerial ven recollida no art. 3: «A Comisión é composta por representantes de diferentes ministerios e das rexións autónomas, sendo o nomeamento de cada vogal da Comisión feito, caso a caso, por despacho conxunto do Ministerio dos Negocios Extranxeiros e do membro do Goberno que tutela o ministerio ou servizo do Estado que él representar, ou aínda por despacho do Ministro dos Negocios Extranxeiros, sob proposta dos gobernos das rexións autónomas»⁽⁴⁰⁾.

As Rexións Autónomas serían, según o citado art. 2, tidas en conta á hora de facer a necesaria coordinación con vista á definición da posición

respectivas comisións de execución ou fiscalización». En iguais termos, o art. 76 do Estatuto de 1987. Reafirmárase, como podemos ver, por un lado o principio de participación na negociación de tratados que afecten á Rexión e, por outro, ábrese paso ao da participación na execución ou fiscalización dos ditos tratados mediante, en concreto, a representación rexional efectiva en mecanismos institucionais de aplicación ou execución e control (*Comisión de execución e fiscalización*).

⁽³⁹⁾ A Comisión para a Integración Europea e o Secretariado para a Integración Europea, citados anteriormente, foron extintos polo Decreto-Lei n.º 526/85, de 31 de Decembro, (Estructura a Dirección-Xeral das Comunidades Europeas do Ministerio dos Negocios Extranxeiros) e polo Decreto-Lei n.º 527/85.

⁽⁴⁰⁾ «Para efectos protocolares ou de representación os membros da Comisión teñen as prerrogativas inherentes á categoría de director-xeral» (art. 3,7).

«A Comisión instituirá subcomisións especializadas de coordinación técnica integrando representantes dos diferentes ministerios, rexións autónomas e servizos do Estado, con vista ao estudo dos aspectos específicos ou xenéricos que lles sexan cometidos» (art. 5,1).

a asumir polo Goberno portugués nas diferentes institucións das Comunidades Europeas. Definida a posición a asumir, é preciso acudir ao exame do Decreto-Lei n.º 529/85, de 31 de Decembro, (Aproba a nova Lei Orgánica do Ministerio dos Negocios Extranxeiros). En virtude do seu art. 1: «Ao Ministerio dos Negocios Extranxeiros compete, de acordo coas directrices do Goberno, a formulación, coordinación e execución da política externa de Portugal». No punto que a nos interesa, diremos que, segundo o art. 3, entre os servizos internos do Ministerio consta a Dirección-Xeral das Comunidades Europeas; asimesmo, entre os órganos de apoio do Ministerio está a Comisión Interministerial para as Comunidades Europeas. Tamén neste art. 3, 3, b) advírtese: «As atribucións do Ministerio son exercidas no extranxeiro polos seguintes servizos externos: Representacións permanentes». Entre as Representacións recollidas na Lista de misións diplomáticas, seccións consulares e consulados de carreira que figura no Anexo ao citado Decreto-Lei, como era de esperar, figura a «Representación Permanente de Portugal xunto das Comunidades Europeas (Bruxelas)».

Por outra parte, o art. 12 (Órgaos de apoio do Ministerio), recollendo casi literalmente o contido do art. 1 do Decreto-Lei n.º 527/85, estipula: «A Comisión Interministerial para as Comunidades Europeas asegura, de acordo con as directrices emanadas do goberno, a coordinación entre os diversos ministerios, rexións autónomas e servizos do Estado, con vista á definición das posicións a asumir polo Goberno portugués nas diferentes institucións das Comunidades Europeas».

Xa en outra ocasión, tivemos a oportunidade de falar do aparello de representación dos intereses de Portugal en relación coas Comunidades Europeas. Falabamos entón da punta de *iceberg* que viña a supoñer a Misión xunto das Comunidades Europeas recollida no Decreto-Lei n.º 185/79 (41). Sen Pretender analizar o facto político da participación das Rexións Autónomas na dinámica das negociacións de adhesión ao traveso dos instrumentos previstos no citado Decreto-Lei e dos diversos contactos

(41) Art. 13,3: «O Estado Portugués está representado xunto das Comunidades Europeas por unha Misión Diplomática».

Art. 25, 1 e 2:

«1. A Misión xunto das Comunidades Europeas recibe instrucións do Ministerio dos Negocios Extranxeiros no que se refere aos aspectos políticos externos de integración europea e ao enquadramento do respectivo proceso no planeamento e execución da política externa portuguesa.

2. En todos os aspectos técnicos ligados á integración europea, recibe a Misión instrucións do Vice-Primeiro-Ministro para os Asuntos Económicos e Integración Europea, directamente ou por intermedio do presidente da Comisión».

levados a cabo en Bruselas e Lisboa por membros e funcionarios dos Gobernos rexionais, dixemos naquel intre que a adhesión ás Comunidades está, como se podía deducir do propio Decreto-Lei, na base de tratados internacionais que, sen dúbida algunha, respeitan directamente ás Rexións Autónomas, sendo, en consecuencia, de aplicación o entón art. 229, 1, e) da Constitución, polo que se preceitúa a participación das Rexións na *negociación en si mesma*. Tal parecer implicaría a necesidade de instrumentar adecuadamente a participación dos Azores e da Madeira na Misión ante as Comunidades Europeas. Engadimos que mesmo que poidera ser considerada complexa a incorporación de representantes das Rexións Autónomas, xusto era recoñecer que complexa é tamén para éstas a incorporación de Portugal ás Comunidades Europeas (42).

Tal posición sostida por nós no ano 1981, mantén a súa vixencia no día de hoxe en relación coa Representación Permanente de Portugal xunto das Comunidades Europeas. Xulgamos que elo debería ser así por entender que a presenza das Rexións Autónomas dos Azores e da Madeira no seo da Representación Permanente de Portugal viría a ser un «poder implícito», permítasenos a redundancia, no poder das Rexións para participar en negociacións internacionais previsto na Constitución. Ao noso modo de ver, tal o demandaría a vocación finalizada do art. 299, 1, p) da Constitución portuguesa. Unha interpretación contraria poría nunha situación de notavel precariedade ao «efecto útil» do devandito preceito constitucional, cuxa aplicación ao caso que nos ocupa viría a conectar íntimamente o *participar nas negociacións* do Tratado de adhesión co *proceso final de formulación, coordinación e execución da política externa de Portugal* nas Comunidades Europeas, proceso no que se desemboca precisamente en virtude do Tratado de adhesión (43).

(42) MARTÍNEZ PUÑAL: «As Rexións...», cit., pp. 17-18; *Id.*: «Las Regiones...», cit., pp. 201-202.

(43) Non entraremos a analizar aquí as potencialidades que a nosa línea argumental podería recibir do art. 76 do Estatuto de Autonomía dos Azores cando fala de que «a participación nas negociacións internacionais de tratados e acordos internacionais que digan respecto á Rexión realizarase ao traveso da representación efectiva na delegación nacional que negociar o tratado ou acordo, ben como nas respectivas comisións de execución ou fiscalización». Deixaremos soio dito que esta referencia ás «comisións de execución ou fiscalización» lévanos máis alá do que é a execución do Dereito Comunitario europeo en sede autonómica. Esta referencia, ao noso entender, proxecta o problema da execución nun ámbito superior de execución como é o da *execución* — permítasenos a redundancia — do Tratado de adhesión que se sustancia no proceso de adopción — coas súas fases previas — e execución do Dereito derivado.

Entendemos que nesta materia os límites non deberían proceder da lexislación portuguesa senón do Dereito Comunitario en materia de composición sexa dos órganos decisorios sexa dos distintos comités e grupos de traballo.

A presenza das Rexións Autónomas no seo da Representación Permanente viría de algún xeito a constituir unha certa compensación ante a minoración de competencias que sufrirían aquelas polo feito da incorporación de Portugal ás Comunidades Europeas⁽⁴⁴⁾. Nin que dicilo houbera que, superada a última fase interna de identificación do *interese nacional integrado*, que viría, de algún xeito, a ser perfilado pola Representación, os representantes das Rexións Autónomas integrados nesta, actuantes no marco europeo, ateríanse nas súas actuacións ao seu carácter de membros da representación estatal.

Argumentos próximos aos nosos estiveron sen dúbida no ánimo do lexilador, á vista do Decreto-Lei n.º 459/85, de 4 de Novembro (Crea a Representación Permanente junto das Comunidades Europeas). En mérito ao seu art. 2: «Compete á Representación Permanente asegurar a defensa dos intereses do Estado Portugués junto de todas as Institucións das Comunidades Europeas».

⁽⁴⁴⁾ Lembrarémolos aquí, aínda que referidas ao suposto español, das palabras de RUILOBA SANTANA perfectamente aplicaveis aos casos que nos ocupan: «As eixencias do Dereito Comunitario europeo supoñen unha clara limitación á autonomía económica das rexións, limitación que será mellor aceptada por éstas na medida en que se encontren vías de participación das mesmas nas relacións do Estado coas Comunidades supranacionais europeas» (RUILOBA SANTANA, E.: «Las competencias económicas del Estado y de las Comunidades Autónomas ante el futuro ingreso de España en el Mercado Común Europeo», *La distribución de competencias económicas entre el poder central y las autonomías territoriales en el Derecho Comparado y en la Constitución española*, Madrid, 1980, p. 417).

Esa «limitación á autonomía económica» debería ser un elemento máis para procurar asegurar unha participación efectiva das Rexións no senso que vimos sinalando. Ela estaría, dende logo bastante máis que a posición contraria, en sintonía coa finalidade da Declaración sobre o desenvolvemento económico e social das Rexións Autonomas do Azores e da Madeira, anexa á Acta final do Tratado de adhesión á C.E.E., do contido seguinte:

«As partes Contratantes lembran que os obxectivos fundamentais da Comunidade Económica Europea inclúen a constante mellora das condicións de vida e de traballo dos povos dos Estados membros, así como o desenvolvemento armonioso das súas economías, reducindo as diferencias entre as diversas rexións e do retraso das menos favorecidas.

Tomando nota do feito de que o Goberno da República Portuguesa e as autoridades das rexións autónomas dos Azores e da Madeira, están empeñados nunha política de desenvolvemento económico e social cuxa finalidade é a de superar as desvantaxas de ditas rexións que se derivan da súa situación xeográfica alonxada do continente europeo, da súa particular orografía, das graves insuficiencias de infraestrutura e do seu retraso económico.

Xa dende o noso obxecto de estudo inmediato, subraiaremos que segundo o art. 6, 2,: «Os funcionarios dependentes dos Governos das Rexións Autónomas que viñeran a integrar a Representación Permanente son propostos polos órganos de goberno propio competentes e requisitados por despacho do Ministro dos Negocios Extranxeiros». O art. 6 sería modificado polo Decreto-Lei n.º 302/86, de Setembro (Da nova redacción ao artigo 6.º do Decreto-Lei n.º 459/85). Entre outras modificacións, afectantes a outros párrafos, atopamos, en cuanto ao parágrafo 2, a substitución da expresión «son propostos polos órganos de goberno propio competentes» pola de «son propostos polos respectivos presidentes dos gobernos». A referencia é feita, obviamente, aos Presidentes dos Governos Rexionais. O número destes funcionarios foi marcado en 1 para cada Rexión Autónoma, en virtude dunha resolución non pública do Consello de Ministros.

Suliñaremos asimesmo que estamos ante unha materia de posíbel desenvolvemento que podería encaixar plenamente nun protocolo de colaboración permanente entre o Goberno da República e os Governos Rexionais. Non nos parece preciso insistir na virtualidade en tal senso dos arts. 74, c), d), e) e 75, c) do Estatuto da Autonomía dos Azores⁽⁴⁵⁾. Sería, dende logo, unha boa maneira de axudar a dar pasos adiante na posta en práctica dos principios recollidos na Declaración dos Azores, da que non nos resistimos a extractar os seguintes párrafos:

«A integración europea ficará unha construción artificial e efímera en tanto que as rexións, compoñentes políticos fundamentais dos nosos Estados e logo da Europa, non sexan asociadas activamente e concretamente ao funcionamento das institucións europeas...

O reforzamento das autonomías territoriais e a rexionalización dunha Europa unida doutra parte, constitúen dous aspectos complementares e converxentes dun proceso global común no que están comprometidos

Recoñecen que teñen un interese común en que as finalidades desta política sexan alcanzadas e lembran que nos instrumentos de adhesión se adoptaron disposicións específicas sobre as rexións autónomas dos Azores e da Madeira.

As altas Partes Contratantes conveñen en recomendar a tal fin ás institucións da Comunidade que presten unha atención especial á realización dos obxectivos antes citados».

⁽⁴⁵⁾ O mesmo podería facerse polo que respecta á Madeira. Aínda non habendo expresas referencias no seu Estatuto a estes Protocolos, a praxe ten dado pasos nese senso, como o demostra, p. ex., o Protocolo asinado o 25 de Maio de 1981 entre o Ministerio do Traballo e o Secretario Rexional do Traballo (*Diario da República*, 15 de Maio de 1981) sobre a participación da Rexión da Madeira nas actividades da Organización Internacional do Traballo.

dos os vinteun países da Europa libre e democrática para afrontar eficazmente os problemas da sociedade contemporánea.

Pero a rexionalización, como sinalaron a Convención de Burdeos e a Conferencia permanente de poderes locais e rexionais da Europa, implica tamén a participación das instancias rexionais e logo das rexións insulares ao proceso de cooperación e da integración europea mesmo. Esta participación, os acontecementos non cesan de demostralo, é indispensable para a sensibilización das organizacións europeas ás realidades do terreo e particularmente aos problemas do aillamento e do alonxamento, da insularidade e da perifricidade, nunha palabra da 'Comunidade desigual', que os expertos, os funcionarios e os homes de Estado ocultan por veces baixo vocabulos abstractos». (46)

VII. REFREXIÓN FINAIS

Até aquí poidemos apreciar as canles de que dispoñen as rexións para deixar ouvir a súa voz nas diversas institucións comunitarias abrangidas pola Política Rexional Comunitaria. De todo o visto, podemos afirmar que quizaiques -ou mesmo sen quizaiques- sexan unhas canles escasas que é preciso afondar e anchar aínda máis. Pensamos con PÉREZ GONZÁLEZ e PUEYO LOSA que «aínda sen pretender construír unha Europa das Rexións que pase por unha desvirtuación da figura do Estado, o fenómeno comunitario e, en concreto, a posta en marcha dunha Política Rexional Comunitaria exige unha coordinación vertical entre as instancias comunitarias, estatais e rexionais; sen que, polo demáis o centralismo nacional neste orde de cousas deba deixar paso, por efecto do propio efecto comunitario, a un centralismo europeo» (47).

(46) Déclaration des Açores adoptée à l'unanimité le 29 mars 1984, 2e. Conférence des Régions Insulaires Européennes. Région Autonome des Açores (Portugal), Ponta Delgada, 27-29 mars 1984, Conférence Permanente des Pouvoirs Locaux et Régionaux de l'Europe, Conseil de l'Europe, Strasbourg, 1987, p. 3.

(47) PÉREZ GONZÁLEZ e PUEYO LOSA: «Comunidades Autónomas y Política Regional...», cit., p. 192.

Un xeito de «coordinación indirecta» será auspiciado na «Relazione al Consiglio d'Europa della 'Commissione Colombo'» (*Revista di Studi Politici Internazionali*, Anno LIV, n.º 2, Aprile-Giugno 1987, p. 286), no que se di:

«A descentralización é unha tendencia moita difusa en Europa; as institucións europeas deberán corponder maiormente ás preocupacións e ás expectativas das autoridades rexionais e locais. A tal fin, a Comisión recomenda:

Tais eixencias de coordinación entre as instancias comunitarias, estatais e rexionais, ao noso xuício, pasan por un reforzamento dos movementos de autonomización rexional. Neste senso, máis do que as miñas verbas, estimo que procede acudir ás do Parlamento Europeo, cando na Resolución xa aludida de 1984, sobor do papel das rexións na construción dunha Europa democrática:

«1. Consta que o reforzamento da autonomía das rexións da Comunidade Europea e a creación dunha Europa politicamente máis unida fundada sobor de institucións dotadas de poderes reais constitúen dous aspectos complementares e converxentes dunha mesma evolución política, esenciais para poder conseguir as tarefas ás cuais a Comunidade se atopa enfrenteada;

a. a designación de delegacións rexionais á Conferencia Permanente de poderes locais e rexionais do Consello da Europa (CPLRE) plenamente representativa dos eleitos locais e rexionais nun plano europeo.

b. a consulta da Conferencia ou das súas delegacións nacionais da parte das institucións comunitarias».

Sobor do papel da rexión como «actor» no medio internacional europeo, pode consultarse PUEYO LOSA: «Las regiones insulares...», cit., pp. 107-112; *Id.*: «Les régions insulaires...», cit., pp. 6-11.

Nunha línea argumental favorable ao incremento da autonomía rexional e da participación das rexións na integración europea: «Autonomía regional y descentralización ¿claves para una integración europea?», (Extracto dos Informes FULLET e PANCHERI presentados na Conferencia das rexións da Comunidade e dos países candidatos, España e Portugal, traducción de J.J. BENÍTEZ ROCHEL), *Revista de Estudios Regionales*, n.ºs 15-16, 1985/86, pp. 279-300.

Ao respecto da «fase ascendente» da relación Rexións Autónomas-Comunidade Europea, poden verse: FERRELLI, N.: «Politica regionale della CEE e partecipazione delle Regioni», *Le Regioni*, 4, 1979, pp. 509-520; RUILOBA SANTANA, E.: «Las competencias económicas...», cit., pp. 429-432; *Id.*: «Repercusiones del ingreso de España en la Comunidad Europea sobre la constitución del Estado de las autonomías. Aspectos generales», *La integración de España...*, cit., pp. 30-35; CARBONE, S.: «Le regioni di fronte alle istituzioni comunitarie», *Comunità Europee e ruolo delle Regioni*, Consiglio Regionale della Lombardia, Milano, 1981, pp. 27-63; CURZI, V.: «Problemi e prospettive delle regioni in relazione ai nuovi contenuti della politica regionale comunitaria», *id.*, pp. 65-72; PARDUSCO, A.: «Regioni, Direttive Comunitarie e legislazione statale sui pubblici appalti», *id.*, pp. 92-94; MORVIDUCCI, C.: «La attività di rilievo internazionale delle regioni e l'interpretazione governativa dell'art. 4 D.P.R. 616», *id.*, pp. 107-131; PIODI, F.: «Problemi istituzionali e politici dei rapporti tra regione e comunità europea», *id.*, pp. 139-144; D'ATENA, A.: *Le regioni italiane e la Comunità Economica Europea*, Milano, 1981, pp. 109-131; *Id.*, «Influenza del Diritto Comunitario sui rapporti fra stato e regioni»,

2. Constata que as populacións concernidas deben xogar, por intermedio dos seus representantes democráticamente elixidos aos niveis rexional e local, de un dereito de participación na elaboración e na posta en práctica das políticas comunitarias, máis particularmente no que concerne aos programas de desenvolvemento rexional; na hora actual, estas posibilidades de participación representativa do cidadán non existen en todos os Estados membros;

3. Invita ao Consello e aos gobernos dos Estados membros que non dispoñan aínda de estruturas rexionais de calquer tipo que sexa, contando con representantes eleitos, a tomar medidas necesarias para paliar esta lagoa;

4. Invita ao Consello e aos gobernos dos Estados membros que teñan xa acordada unha certa autonomía ás súas rexións a atribuir ás colectividades territoriais rexionais as competencias necesarias para a realización das súas tarefas. Esta demanda contempla en particular un reforzamento das competencias rexionais en materia fiscal e orzamentaria».

Agradecendo a amavel invitación de que, por meio do seu Presidente Dr. J. G. REIS LEITE, un obxecto polo Instituto Açoriano de Cultura para me deslocar a este belo Arquipélago, con as devanditas verbas do Parlamento Europeo, poñemos fin a esta nosa intervención, cuio atento seguemento pola súa parte agradezo moi sinceramente, facendo votos por unhas rexións desenvolvidas, por unhas rexións fortes e rechas na defensa dos seus valores culturais, dos seus sentementos, das suas tradicións históricas, por unhas rexións que — sen abdicar do *interese integrado* do Estado no que histórica e consentidamente estexan integradas — poñan en move-

L'influenza del Diritto Europeo sul Diritto Italiano, Milano, 1982, pp. 100-104; GRANELL, F.: «Las Comunidades Autónomas y la negociación para el ingreso de España en la Comunidad Europea», *Revista de Instituciones Europeas*, Vol. 9, n.º 3, Setembro-December 1982, pp. 815-831; CASANOVAS Y LA ROSA, O.: «Las Comunidades Autónomas y la adhesión de España a las Comunidades Europeas», *El Derecho de la Comunidad Europea*, (Comp. M. DIEZ DE VELASCO), Universiad Internacional Menéndez Pelayo, 1982, pp. 77-83; PUEYO LOSA: «Las regiones insulares...», cit., pp. 103-124; *Id.*: «Les régions insulaires...», cit., pp. 1-11; STROZZI, G.: *Regioni e adattamento dell'ordinamento interno al Diritto Internazionale*, Milano, 1983, pp. 212-224; BALOUP, G.: «El Senado de las regiones», *Revista de Estudios Regionales*, n.º 14, Xullo-December 1984, pp. 187-203; «Política Rexional», *Xornadas Técnicas Galicia-C.E.E. — Conclusións —*, Xunta-Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, Maio 1984, pp. 75-91; ARGULLOL MURGADAS, E.: «Competencias de la Comunidad Europea y de las Comunidades Autónomas em materia agrícola», *La integración de España*, cit., pp. 227-228; TORNOS, J.: «Competencias de la Comunidad Europea y de las Comunidades Autónomas en materia de medio ambiente», *id.*, p. 302; HEVIA RUIZ, J.: «Coordinación Estado-Comunidades Autónomas en el ámbito de las Comunidades Europeas. — Especial consideración de la participación en el proceso decisorio», Coloquio sobre la política regional..., cit. policopiado; SÁNCHEZ RODRIGUEZ, L.I.: «El Tratado de adhesión. Los efectos en el sistema constitucional español», *Movimiento europeo*, n.º 11-12, Outono 1985, p. 30; MANGAS MARTÍN, A.: «La aplicación del Derecho Comunitario en España», *id.*, pp. 35; *Id.*: *Derecho Comunitario Europeo*, 1.ª ed., Madrid, 1986, pp. 232-236; *Ibid.*, 2.ª ed., Madrid, 1987, pp. 245-249 y 260-262; MORAWITZ, R.: «La colaboración entre el Estado y los Entes Autonómicos territoriales en la Comunidad Europea», Madrid, 1985. Igoalmente o Prólogo a este libro, da autoría de S. MUÑOZ MACHADO, pp. 13-27; PALACIO GONZÁLEZ, J.: «El estatuto cántabro omite las posibles competencias derivadas de la adhesión», *Cantabria autónoma*, Portavoz del Gobierno, Año IV, Segunda época, Extraordinario 1, Novembro-December, 1985, pp. 39-41; RUGGERI, A.: «Comunità Europee, Stato

e Regioni dopo la sentenza N. 170/1984 della Corte Costituzionale sull'efficacia dei Regolamenti Comunitari», *Le Regioni*, n.º 4, Xullo-Agosto 1985, pp. 450-455; MORAN, M. J.: «Décimo aniversario de la Política Regional Comunitaria y del FEDER», *Boletín del Centro de Documentación*, Universidade de Santiago, n.º 11, Setembro-Outubro 1985, pp. 30-31; PONS, F.: «Las Comunidades Autónomas en la Comunidad Europea», *Movimiento Europeo*, n.º 14, Outono, 1986, pp. 6-7; SOBRINO HEREDIA: «Participación de las autoridades regionales...», cit.; *Id.*: «La reforma del FEDER y las Comunidades Autónomas», cit.; PAREJO ALFONSO: «Las Comunidades Autónomas y las instituciones comunitarias», *Movimiento Europeo*, n.º 14, Outono 1986, pp. 17-23; LEDESMA, J.: «Auge del movimiento regional», *id.*, pp. 24-29; LASAGABASTER HERRARTE, I.: «Las regiones italianas y la Comunidad Económica Europea», *Herri-Arduralaritzako Euskal Aldizkaria/Revista Vasca de Administración Pública*, 14, Xaneiro-Abril 1986, pp. 249-250; *Id.*: *El Ordenamiento jurídico comunitario, el estatal y el autonómico*, Oñati, 1986, pp. 69-80; PITRUZZELLA, G.: «Alcune osservazioni in tema di partecipazione delle regioni al processo di formazione delle politiche comunitarie», *Le Regioni*, n.ºs 1-2, Xaneiro-Abril 1986, pp. 63-89; RIBO, R.: «Nacionalidades y Regiones, Competencias y el futuro de la Intitucionalización europea», *Implicaciones constitucionales y políticas del ingreso de España an la C.E.E. y su incidencia en las Comunidades Autónomas*, Oñati, 1986, pp. 512-523; JAUREGUI BERICIARTU, G.: *Las Comunidades Autónomas y las relaciones internacionales*, Oñati, 1986, pp. 52-53 e 123-131; PEREZ GONZALEZ: «La acción exterior...», cit., pp. 326-340; FERNANDEZ de CASADEVANTE, C.: «Las Regiones y Europa», *Las regiones y Europa. Euskadi*, Bilbao, 1987, pp. 98-100; SÁNCHEZ RODRÍGUEZ: «Comunidades Autónomas y relaciones internacionales. La adhesión de España a las Comunidades Europeas y el sistema interno de distribución de competencias», *Cuadernos de Alzate*, n.º 3, 1986. 1, pp. 32-33; BAÑO LEÓN, J. M.: *Las Comunidades Autónomas en la Comunidad Europea*, Valencia, 1987; PÉREZ TREMP, P.: *Comunidades Autónomas, Estado y Comunidad Europea*, Madrid, 1987.

mento todo o potencial endógeno que levan dentro de sí; por unhas rexións, en definitiva, — e agora findo de verdade esta exposición —, que saiban cautivar a millor e máis nobre das súas riquezas: o sentimento de orgullo polo seu pasado e o sentimento de esperanza nos froitos do traballo levado arreo, decote e diariamente, coa visión posta nun futuro máis seu e máis próspero para os seus cidadáns. A soia visión dese futuro é xa unha pedra inexcusavel no camiño a percorrer...

En relación co Acto Único Europeo, pode verse: PUJOL, J.: «Las regiones de Europa en la perspectiva de 1992», Bruselas, 20 de Novembro de 1987, Consejo de las Regiones de Europa, Segundos Estados Generales de las Regiones de Europa, policopiado.

Tamén no ámbito máis global de unha Federación Europea, CHITI-BATELLI, A.: *La dimensione europea delle autonomie e l'Italia — Regione, ente intermedio, autonomie nella prospettiva federalista* —, Milano, 1984; ROJO SALGADO, A.: «Federalismo, Autonomismo y Europeismo», *Implicaciones constitucionales...*, cit., pp. 525-537; del ARENAL MOYUA, C.: «Las regiones en el proceso de construcción política de Europa», *Las regiones y Europa, Euskadi*, cit., pp. 7-30; ALDECOA LUZARRAGA, F.: «Las regiones y la Comunidad Europea: aspectos políticos», *id.*, pp. 31-68.

Sobre o papel das rexións na hipótese dunha Confederación europea: BOGNETTI, G.: «Le regioni in Europa: Alcune riflessioni sui loro problemi e sul loro destino», *Le Regioni*, n.º 6, Novembro-Dicembro 1984, pp. 1087-1136.